


Informe de revisión do sistema pola dirección - Informe de resultados anuais das titulacións do centro

Data da reunión: 19/07/2024
Data de aprobación na Xunta de Centro: 19/07/2024



Facultade de Filoloxía e Tradución
Uvigo



José F. Montero Reguera
Decano da Facultade

María Seijas Montero
Vicedecana de Calidade

Índice de contidos

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS.....	4
I.1. Presentación/Obxecto da reunión.....	4
I.2. Informe inicial.....	4
I.2.1 Información sobre o estado de situación do sistema de calidade	4
I.2.2 Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade	6
I.2.3 Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos.....	7
I.2.4 Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade	7
I.2.4.1. Visita virtual para a renovación da certificación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía e Traducción.....	7
I.2.5 Política e obxectivos de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución	7
II. DATOS E INDICADORES	8
II.1 Resultados acadados	8
II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC:	8
II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:.....	19
II.1.3 Resultados (desagregados) das enquisas de satisfacción das titulacións oficiais	41
II.1.4 Indicadores por materia	55

II.1.5. Outros indicadores propios do centro/ título (validados pola UEP).....	55
II.1.6. Datos relativos a QSP recibidas	55
II.1.7. Estado de situación dos rexistros de calidade do sistema	56
II.1.8. Outros datos (que queira resaltar o centro).....	74
III. ANÁLISE DE RESULTADOS DAS TITULACIÓNS DO CENTRO - SEGUIMENTO DAS TITULACIÓNS.....	76
IV. MODIFICACIÓNS NON SUSTANCIAIS DAS TITULACIÓNS.....	154
V. ESTADO DE SITUACIÓN DAS MELLORA PROPOSTAS NO(S) INFORME(S) ANTERIOR(ES)	154
VI. LISTAXE DE (NOVAS) ACCIÓNS DE MELLORA PROPOSTAS	157
VII. CONCLUSIÓNS E ACORDOS	159
VII.1. Listaxe de asistentes á reunión de aprobación do informe final.....	159
VII.2. Conclusións relevantes	159
VII.3. Acordos	162
VIII. ANEXOS.....	163

I. ASPECTOS INTRODUTORIOS

I.1. Presentación/obxecto da reunión

O *Informe de Revisión do Sistema pola Dirección* é un rexistro anual de calidade (R1-DE03 P1) inserido no procedemento de *Revisión do sistema pola dirección* (DE-03-P1). O obxectivo principal do informe é analizar a aplicación e xestión do Sistema de Garantía Interna de Calidade (SGIC) na facultade de Filoloxía e Tradución durante o curso 2022/2023. Recolle ademais información sobre o estado da documentación de calidade; os cambios organizativos que poden afectar ao funcionamento en materia de calidade; cambios na oferta formativa/ou de servizos; cambios na documentación do sistema de calidade; revisión da política e obxectivos de calidade; análise dos indicadores de resultados de aprendizaxe e satisfacción; valoración do estado das QSP; e propostas de mellora para optimizar o desenvolvemento das titulacións no curso académico 2023/2024. A reunión da Comisión de Calidade do 19 de xullo de 2024 ten por obxecto reflexionar sobre o desenvolvemento dos títulos impartidos na facultade durante o curso, de modo que o centro, no marco da súa mellora continua, garanta a conveniencia, adecuación e eficacia do sistema de garantía de calidade.

I.2. Informe inicial

I.2.1 Información sobre o estado de situación do sistema de calidade

O Sistema de Garantía de Calidade do centro constitúe unha ferramenta estratéxica básica para acadar unha mellora continua da Facultade de Filoloxía e Tradución e das súas titulacións oficiais no curso 2022/2023: grao en Tradución e Interpretación, grao en Linguas Estranxeiras, Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada, Máster en Tradución para a Comunicación Internacional, Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións e Máster en Tradución Multimedia. O grao de Ciencias da Linguaxe e Estudos Literarios está en extinción desde o curso 2021/2022, xa que logo, non se analizan todos os resultados neste informe. O novo grao de Filoloxía Aplicada Galega e Española comezou a impartirse ese mesmo curso. Será analizado no IRPD cando se teña a información de tres cursos académicos.

Con data 7 de outubro de 2014, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) certificou, despois da auditoría externa, que o Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución estaba implantado conforme ás directrices establecidas no Programa FIDES-AUDIT (<http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/>). E tal e como se establece na guía publicada pola ACSUG, é pertinente a realización da renovación da certificación ao transcorrer seis anos dende a súa obtención. É dicir, o certificado, con un proceso de revisión logo dos tres primeiros anos, tiña validez ata o 7 de outubro de 2020. Durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021 a Facultade de Filoloxía e Tradución en colaboración coa Área de Calidade da Uvigo, elaborou, co obxecto de renovar a certificación do SGC do centro, o documento, previo a visita, coa información recollida no informe final de certificación de 2014, o estado da situación na fase de seguimento de 2017, a valoración da ACSUG ao informe de seguimento, e o informe de cambios no SGIC dende a súa certificación. Nel tamén se describiu a situación das non conformidades detectadas pola ACSUG no seu último informe e as accións que o equipo auditor considerou que

estaban abertas (non foron desenvolvidas) ou que tiñan un peche parcial (non foron desenvolvidas completamente). Este documento (*Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade*) foi validado pola Comisión de Calidade da FFT o 15 de setembro de 2020 e aprobado en Comisión Permanente o 17 de setembro. Foi enviado á ACSUG pola Área de Calidade da Universidade de Vigo unha semana despois. Aínda que a reunión virtual da comisión de avaliación ao centro, para someterse ao proceso de renovación de certificación do seu SGC, teríase que ter realizado no curso 2020/2021 foi adiada pola ACSUG, por mor das dificultades e restricións da crise sanitaria provocada pola COVID-19, ata o 23 de novembro de 2021. O informe provisional da ACSUG foi enviado a FFT o 28 de xullo de 2022. O 21 de setembro de 2022 a Comisión de Calidade validou as observacións e plan de melloras que propón o centro para dar resposta o informe provisional. O informe definitivo foi enviado a FFT o 11 de outubro de 2022. A Comisión de Avaliación, unha vez examinado o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro con obxecto de avaliar o seu grao real de implantación, e as observacións feitas pola facultade o informe provisional, emitiu a valoración de: FAVORABLE. Nel preséntanse as fortalezas detectadas e os aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de accións de mellora para avanzar na implantación do Sistema de Garantía de calidade de maneira eficaz. Entre as fortalezas destacan as seguintes:

- O centro fai esforzos por achegarse á sociedade a través da participación dun representante na Comisión de Garantía de Calidade do Centro e de actividades co sector empresarial.
- Disponibilidade da información na web do centro que permite obter datos dos aspectos máis relevantes da facultade garantindo a transparencia.
- O centro publica información (apartado resultados de medición da web) sobre as taxas por título (rendemento/abandono/eficiencia/éxito/graduación) e unha ligazón ao portal de transparencia da Uvigo onde se pode ver a satisfacción dos grupos de interese.

Entre os aspectos que deben ser obxecto de elaboración dun plan de accións de mellora destacan:

- Definir o Plan estratéxico do centro.
- Implantar accións para potenciar a implicación dos grupos de interese no desenvolvemento e mellora do SGC.
- Establecer un sistema de codificación das accións de mellora que as identifique inequivocamente durante todo o seu ciclo de vida, desde onde se inicie a acción de mellora ata o seu peche e valoración de eficacia.
- Establecer metas para o conxunto dos procedementos do SGC, de tal maneira que se poidan avaliar os seus resultados en base ás devanditas metas e tendencias, para poder tomar así decisións para a mellora do SGC, garantindo a implantación sistemática da mellora continua do centro e as súas titulacións.

A renovación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade da FFT ten validez ata o 11 de outubro de 2027, aínda que a primeira revisión farase en 2025.

A documentación do Sistema de Garantía de Calidade da FFT no curso 2022/2023 estrutúrase en:

- Manual de calidade (contén os seis anexos do Manual): o anexo 5 (Listaxe de Titulacións Oficiais) foi validado pola Comisión de Calidade e aprobado en Xunta

de Facultade o 16-11-2021. Os contidos desta documentación están dispoñibles na web da facultade, apartado calidade: <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/>

- Política e obxectivos de calidade (anexo 4 do Manual): a Política e Obxectivos de Calidade foron validados pola Comisión de Calidade e aprobados pola Xunta de Facultade o 16-11-2021. Os contidos do anexo 4 están dispoñibles en : <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/politica-e-obxectivos-de-calidade/>.
- Rexistros e evidencias: A maior parte dos rexistros están arquivados na aplicación do SGIC. Os rexistros do “Informe anual das accións desenvolvidas do Plan de Promoción do centro do curso 2021/2022 (R2 DO-0202 P1)” e do “Procedemento para o seguimento da docencia (R4 DO-0201 P1)” foron validados pola Comisión de Calidade o 19 de decembro de 2022 e aprobados pola Xunta de Facultade o 19 de decembro de 2022. O primeiro está arquivado na aplicación de calidade á que se accede a través da Secretaría Virtual. O segundo está dispoñible na web da facultade: <https://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/rexistros-e-evidencias/>
- Resultados de medición: os resultados académicos e de satisfacción están dispoñibles en <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/resultados-de-medicion/>
- Plans de mellora: os plans de accións de mellora están dispoñibles no IRPD de cada curso académico dispoñibles en: <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/resultados-de-medicion/>
- O 24 de marzo de 2023 en Xunta de Facultade aprobouse a comisión que vai elaborar o Plan Estratéxico da Facultade de Filoloxía e Tradución. Os membros da comisión son: o decano, o secretario, a vicedecana de comunicación, captación e diversidade, a vicedecana de calidade, catro representantes do PDI, unha representante das persoas tituladas, catro representantes da sociedade, unha representante do PAS e dous representantes do estudantado.

I.2.2 Descrición de cambios organizativos que poden afectar o funcionamento do centro/titulacións/servizos no que atinxe á calidade

O día 21 de abril de 2023 convocouse Xunta de Facultade extraordinaria para a elección de decano/a da Facultade de Filoloxía e Tradución. Foi reelixido o profesor Montero Reguera por 44 votos a favor, seis en contra e cinco brancos. O decano mantivo o mesmo equipo directivo que fora elixido na sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de 18 de febreiro de 2020: Miguel Cuevas Alonso, como secretario da facultade, Inmaculada Anaya Revuelta, Beatriz María Rodríguez Rodríguez e María Seijas Montero como vicedecanas e Xosé Soto Andión como vicedecano.

Desde febreiro de 2023 fíxose cargo da coordinación do grao en Linguas Estranxeiras a profesora Rosalía Rodríguez Vázquez en substitución da profesora María Dolores González Álvarez. Ademais, cambiaron as coordinacións en dous mestrados: a profesora María Teresa Veiga Díaz foi nomeada coordinadora do mestrado en Tradución Multimedia en substitución do profesor Javier de Agustín Guijarro e o profesor Óscar Ferreiro Vázquez do mestrado en Tradución para a Comunicación Internacional en substitución do profesor José Yuste Frías. En marzo de 2023 ás profesoras Dolores González Álvarez e Rosa Pérez Rodríguez foron elixidas directoras dos departamentos de

Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá e Lingua Española, respectivamente. Estas modificacións implicaron os seguintes cambios na composición da Comisión de Calidade do centro para o curso 2022/2023.

Durante o curso 2022/2023 as xuntanzas da Comisión de Calidade, que mantiveron a súa periodicidade, realizáronse de xeito presencial e virtual na plataforma que deseñou a Universidade de Vigo.

I.2.3 Descrición de cambios na oferta formativa/ou de servizos

En Xunta de Facultade de 24 de novembro de 2022 presentouse a declaración de interese para a modificación do Mestrado en Tradución Multimedia e do Mestrado Interuniversitario en Lingüística Aplicada, e a declaración de interese para a verificación do Mestrado Interuniversitario en Español como Lingua Estranxeira e Segunda Lingua.

Na sesión extraordinaria da Xunta de Facultade de 12 de abril de 2023 aprobouse a documentación relativa á modificación do Mestrado en Tradución Multimedia e a documentación relativa á proposta do Mestrado Interuniversitario en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua.

Na Xunta de Facultade de 1 de xuno de 2023 aprobouse a documentación definitiva relativa á modificación do Mestrado en Tradución Multimedia (memoria de modificación, memoria xustificativa, memoria económica, resumo de modificacións e convenios de prácticas) e a documentación definitiva relativa á proposta do Mestrado Interuniversitario en Ensino de Español como Lingua Estranxeira ou Segunda Lingua.

I.2.4 Descrición de modificacións ou cambios na documentación do sistema de calidade

Durante o curso 2022/2023 validouse o rexistro do “Informe anual das accións desenvolvidas do Plan de Promoción do centro do curso 2021/2022 (R2 DO-0202 P1)” e o rexistro “Procedemento para o seguimento da docencia (R4 DO-0201 P1)”. Para a actualización da documentación do SGIC séguense as indicacións contidas na “Axenda Básica de desenvolvemento de programas de calidade de centros e titulacións” que elabora a Área de Calidade da UVigo en cada curso académico.

I.2.4.1. Renovación da certificación de implantación do Sistema de Garantía de Calidade da Facultade de Filoloxía e Tradución

O 11 de outubro de 2022, como se mencionou no apartado I.2.1, a Facultade de Filoloxía e Tradución recibiu o Informe Definitivo de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade cunha valoración favorable.

Durante este curso 2022/2023 non se producen mais cambios substanciais na documentación de calidade do centro.

I.2.5 Política e obxectivos de calidade da facultade de Filoloxía e Tradución

No curso 2020/2021 revisáronse as metas asociadas aos indicadores académicos propostos na “Política e Obxectivos de Calidade” da FFT. Fíxose unha análise dos tres últimos cursos

e comprobouse que algunhas das metas de calidade establecidas no documento anterior non se acadaban. O que se fixo foi actualizalas atendendo a criterios máis realistas, sen perder a orientación cara á excelencia. Así, modificáronse as metas dos seguintes indicadores asociados aos obxectivos de calidade:

- A *Ocupación da titulación* nos mestrados actualizouse de 100%-105% a 70%-80%.
- A *Taxa de abandono* de <15 a ≤20% para cada titulación de grao que se imparte no centro.
- A *Taxa de graduación*, que estaba nun 90% en todas as titulacións da FFT, actualizouse a ≥50% nos graos e a ≥65% nos mestrados.
- O indicador de *Resultados de investigación de carácter académico* actualizouse de <70% a ≥60%.
- A *% de PAS en programa de formación* actualizouse de >80% a ≥75%.

Ademais, incluíronse no documento tres novos indicadores referidos ao grao de satisfacción do profesorado, das persoas tituladas (≥3,5 sobre 5) e do estudiantado (≥3 sobre 5) coa planificación e desenvolvemento da ensinanza.

As liñas xerais que constitúen a política de calidade do centro e as modificacións feitas no documento de “Política e Obxectivos de Calidade” están dispoñibles na web da facultade: <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/politica-e-obxectivos-de-calidade/>

Neste informe (sección II) faise unha análise destes indicadores para comprobar se esta actualización para o curso 2022/2023 permitiu alcanzar a consecución das cinco metas nas que se materializan os obxectivos propostos.

II. DATOS E INDICADORES

II.1 Resultados acadados

Os datos que se presentan neste apartado recollen os resultados da Facultade de Filoloxía e Tradución e de todas as súas titulacións oficiais de grao e de mestrado adscritas, atendendo aos indicadores do SGC e aos indicadores específicos de seguimento establecidos pola ACSUG.

II.1.1 Rexistro de resultados do panel de Indicadores do SGIC:

**Os indicadores deben ser consultados a través do portal de transparencia da Universidade de Vigo.*

Centro			Facultade de Filoloxía e Tradución			
Panel de Indicadores			Existe Meta de calidade asociada (obxectivo de calidade)?	Resultado Curso 2022-2023	Resultado Curso 2021-2022	Resultado Curso 2020-2021
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I01-MC	E14	Certificación da implantación dos sistemas de calidade	Si: manter a certificación	O 11 de outubro de 2022 o centro recibiu o Informe Definitivo de Renovación da	A reunión da comisión de avaliación para o proceso de	A certificación obtida polo centro estaba en vigor ata outubro de 2020, pero retrasouse o

				Certificación de implantación do SGIC	renovación de certificación do SGC, realizouse o 23 de novembro de 2021. O 28 de xullo de 2022 a FFT recibiu o Informe Provisional de Renovación da Certificación de Implantación do Sistema de Garantía de Calidade cunha valoración favorable	proceso por mor da pandemia ata o curso 2021-22
I05-MC	I4	Grao satisfacción PAS	Non	3,29	Sen datos. Enquisa bianual	3, 73
I01-DO	E2	Seguimento das titulacións	Si: 100%	En proceso	Informe de revisión do sistema pola dirección (DE-03P1)	Informe de revisión do sistema pola dirección (DE-03P1)
I02-DO	E2	Acreditación das titulacións	Si: 100%	Non se aplica a este curso.	Non se aplica a este curso.	Non se aplica a este curso.

Aínda que as reflexións polo miúdo sobre cada un dos indicadores por título se atopan nos apartados correspondentes deste informe (sección III), é conveniente facer unha valoración global como centro dalgún dos indicadores máis relevantes, e comprobar se as metas dos indicadores alcanzáronse para o curso 2022/2023.

En primeiro lugar, é importante sinalar que o grao en Linguas Estranxeiras superou o 100% de ocupación, cunha taxa de 106% –53 prazas das 50 ofertadas—. Con todo, reduciuse o estudantado matriculado que descendeu de 61 a 53. Peor é a situación no grao de Tradución e Interpretación pois no curso 2022/2023 nun superou a meta establecida (100%). A ocupación foi do 77,5% con 93 prazas das 120 ofertadas. O novo grao de *Filoloxía Aplicada Galega e Española* (FAGE), implantado no curso académico 2021/2022, compartindo 90 créditos en común co grao de Linguas Estranxeiras, tivo unha taxa de ocupación o curso pasado do 48%, cubríronse 24 prazas das 50 ofertadas. Este curso reduciuse ó 44% –22 prazas das 50 ofertadas—. Será necesario manter para todos os graos


os esforzos para captar estudiantado, aínda que todo indica que o descenso, debido tamén á caída demográfica, continuará nos próximos cursos.

Cadro 1: Comparativa de estudiantado matriculado nos graos
(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)

Titulación	Curso académico	Matrícula novo ingreso preinscripción
Linguas Estranxeiras	2022/2023	53
	2021/2022	61
	2020/2021	57
Tradución e Interpretación	2022/2023	93
	2021/2022	129
	2020/2021	128

Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Gráfica 1: Taxa de ocupación nos graos da FFT



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

En canto a nota media de acceso no GLE sitúase no curso 2022/2023 por encima do 8 entre o estudiantado que accedeu á titulación desde o bacharelato (8,587), é dicir, o 88% do total superou a meta establecida para este indicador (7-8,5); tamén superou o 8 o alumnado que accedeu ao grao co título de licenciado (8,164); o que accedeu por acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel fixoo cun 7,58 de media; co título superior de FP cunha media de 7,85; e por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS cun 5,10. No GTI superouse o 10 entre o estudiantado —o 89,2% do total— que accedeu desde o bacharelato (10,690); superou o 11 (11,218) o que accedeu por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS; por acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel cun 7,205; cun título superior 7,1 e co título superior de FP cunha media de 7,0. No grao de FAGE o 83,3% do estudiantado accedeu cunha media de 8,715,

superando tamén a meta establecida; e o estudiantado cuxa modalidade foi a acreditación ou credencial de homologación do título de bacharel fixoo cunha media de 8,150.

Cadro 2: Comparativa de preferencia e adecuación nos graos

(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)

Titulación	Curso académico	Preferencia	Adecuación
Linguas Estranxeiras	2022/2023	100,00%	83,02%
	2021/2022	130,00%	75,41%
	2020/2021	98,00%	73,68%
Tradución e Interpretación	2022/2023	123,33%	86,02%
	2021/2022	155,00%	73,64%
	2020/2021	138,33%	80,47%

Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Os resultados do cadro 2 tamén demostran que no curso 2022/2023 reduciuse a porcentaxe de preferencia –porcentaxe entre o número de estudiantado que elixe un grao en primeira opción (demanda) e o número de prazas ofertadas dese grao–, nos dous graos, aínda que mantense a meta establecida (90%–100%) no GLE e séguese superando no GTI. A porcentaxe de adecuación –porcentaxe de estudiantado de novo ingreso nun grao procedente de preinscrición que elixiu ese grao en primeira opción– supera os parámetros marcados pola meta (70%–80%). Neste curso, a porcentaxe de preferencia en FAGE é de 42%, moi alonxada da meta establecida, e a de adecuación do 90,91%, superando, neste último caso, a meta establecida. As taxas de preferencia e adecuación non se aplican nos títulos de mestrado.

Así pois, en relación cos procesos claves os indicadores –agás a evolución do estudiantado matriculado e a taxa de ocupación no GTI– relacionados co acceso do estudiantado aos graos da FFT (preferencia e adecuación das titulacións e nota media de acceso) mostran resultados que poden considerarse positivos e acordes aos obxectivos propostos para os graos de Linguas Estranxeiras e Tradución e Interpretación. Nos vindeiros cursos analizaranse estes indicadores, sobre todo os que non alcanzan as metas establecidas, –ocupación e preferencia–, para ver a evolución e plantexar se é necesario propostas de melloras.

Cadro 3: Comparativa de estudiantado matriculado nos mestrados


(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)

Titulación	Curso académico	Matrícula novo ingreso preinscrición
Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións	2022/2023	8
	2021/2022	8
	2020/2021	8
	2022/2023	7
	2021/2022	11

Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada	2020/2021	9
Máster en Tradución Multimedia	2022/2023	28
	2021/2022	30
	2020/2021	31
Máster en Tradución para a Comunicación Internacional	2022/2023	28
	2021/2022	29
	2020/2021	31

Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Gráfica 2: Taxa de ocupación nos mestrados da FFT




Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

En canto aos catro mestrados (cadro 3 e gráfica 2), a taxa de ocupación mantense no Máster Interuniversitario en Estudos Ingleses Avanzados e as súas Aplicacións que cubriu o 80% das prazas ofertadas, a mesma porcentaxe que nos dous cursos anteriores, alcanzando así a meta establecida (70%-80%). O Máster en Tradución Multimedia non cubriu o 100% das prazas ofertadas e baixou a súa taxa ao 93,3%. En 2020/2021 a taxa foi do 104% e no 2021/2022 do 100%. A mesma taxa do 93,3% tivo o O Máster en Tradución para a Comunicación Internacional fronte o 96,67% do curso pasado e o 103,33% do 2020/2021. O Máster Interuniversitario en Lingüística Aplicada tampouco superou o 100% de ocupación (70%) con 7 matrículas de novo ingreso por prescrición, sobre a oferta de 10 prazas na Universidade de Vigo. En canto a nota media de acceso nos mestrados, o MEIA mantense dentro dos parámetros marcados pola meta (7-8,5) cunha media de 7,945. Nos outros tres mestrados a nota media mantense tamén dentro dos parámetros agás no MILA o estudantado que accedeu coa licenciatura de Filoloxía Hispánica (6,595); no MTM o que accedeu cos graos de Estudos Ingleses (6,712), Inglés, Estudos Lingüísticos e Literarios (6,495), Galego e Portugués Estudos Lingüísticos e Literarios (5,665) e Filoloxía Hispánica (6,530). No MTCI non alcanzan a meta os que accederon como graduadas/os en Linguas Modernas e as súas Literaturas (5,99) e en Lingua e Literatura Inglesas (6,569).

Xa que logo, no presente curso o MTM e o MTCI superan a meta establecida para a taxa de ocupación (70%-80%) e o MEIA e MILA mantéñense dentro dos parámetros. E aínda


que os resultados son positivos hai que seguir traballando en campañas de difusión para captar máis estudandato e intentar chegar ao 100% de ocupación en todos os mestrados.

Gráfica 3: Procedencia xeográfica do estudantado dos graos (2022/2023)



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Gráfica 4: Procedencia xeográfica do estudantado dos mestrados (2022/2023)




Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

En canto a procedencia xeográfica do estudantado dos graos de GLE e GTI (gráfica 3) confirmase, igual que o curso pasado, que máis da metade do estudantado —63,0%— é da provincia pontevedresa, seguido da Coruña cun 18,8%. O terceiro lugar ocúpao Ourense cun 7,8 e Lugo o cuarto cun 5,2. O 5,2% restante procede doutras provincias ou do estranxeiro. Quizais sería bo dar unha maior visibilidade intensificando as accións de


captación dos graos nas zonas xeográficas máis afastadas. En canto a procedencia do estudiantado dos mestrados (gráfica 4) predomina a orixe pontevedresa cun 45,0%. As outras provincias teñen case as mesmas porcentaxes que nos graos —A Coruña 12,6%, Ourense 7,2% e Lugo 6,3%—. O estudiantado procedente de fóra de Galicia descendeu un pouco—28,8% fronte ó 31,5% do curso pasado— pero segue habendo interese do estudiantado non galego nos mestrados da FFT, sobre todo, no MILA (36,4% do total do estudiantado) e no MTCI (31,9%).

**Gráfica 5: Taxa de abandono nos graos da FFT
(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)**



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

**Gráfica 6: Taxa de abandono nos mestrados da FFT
(cursos cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)**



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo


Un dos principais indicadores académicos do estudiantado de grao e mestrado, que debe analizarse con moita cautela, é o referido ás taxas de abandono. É dicir, para o curso 2022/2023 a porcentaxe de estudiantado de novo ingreso no curso 2020/2021, matriculado nunha das titulacións da FFT que non se matricularon nos dous cursos seguintes ao do

ingreso. Aínda que as reflexións polo miúdo realizadas polas coordinadoras e coordinadores das titulacións atópanse no apartado III, pode ser de interese facer unha valoración global.

Na gráfica 5 obsérvase que a taxa de abandono en estudos de grao descendeu moito. No GLE ata un 10,2% fronte o 25% do curso 2021/2022 e o 20,83% do curso 2020/2021. É dicir, recuperamos os valores anteriores á pandemia, que foran do 10,42%, cúmprese así coa meta establecida ($\leq 20\%$); no GTI a taxa tamén descendeu moito, 16,07 fronte ao 22,81% e ao 21% dos dous cursos anteriores. Pola súa banda, a gráfica 6 demostra que a taxa de abandono nos estudos de mestrado tamén descendeu no MTM (3,23%), no MTCI (9,68%) e no MILA (11,11%), pero, agás no MTM, non se alcanzou a meta establecida ($\leq 5\%$) en ningún mestrado. No MEIA o abandono aumentou ao 12,50; no curso 2021/2022 non houbera ningún abandono. Xa que logo, son os datos máis positivos dos tres últimos cursos tanto nos graos como nos mestrados. Ademais algúns estudantes deixaron os estudos no curso 2022/2023 na FFT porque cambiaron de titulación. Así ocorreu co 3,57% do estudiantado que abandonou o grao de Tradución e Interpretación, e o 2,08% o de Linguas Estranxeiras. Nos mestrados o 11,11% do estudiantado do MILA fixo un cambio de estudos. Xa que logo, é importante incidir no descenso notable da taxa de abandono. Dita mellora pode ir unida á superación do período postpandemia que veu acompañado de dificultades económicas para moitas familias.

Pola contra a taxa de graduación non é boa. No GLE (gráfica 7) descendeu moito —41,67%— fronte ao curso pasado —65,96%— e non supera a meta establecida ($\geq 50\%$). No grao de Tradución e Interpretación a taxa tamén descendeu moito, 55% fronte 65,81% do curso anterior, aínda que neste caso si alcanza a meta. Xa que logo, é importante seguir incentivando ao alumnado para que complete o TFG en cuarto curso para obter unhas taxas de graduación máis elevada.


**Gráfica 7: Taxa de graduación nos graos da FFT
(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)**



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Nos mestrados (gráfica 8) todos descenderon a taxa de graduación, pero o MTM supera ben a meta establecida ($\geq 65\%$) cun resultado de 83,33% e o MEIA cun 65,50%. O MTCI obtivo unha taxa do 62,07% fronte ao 74,19% do curso anterior. E o MILA tivo o maior descenso pasando dunha taxa do 88,89% no curso 2021/2022 ó 60% deste curso, aínda que neste mestrado, como se menciona no apartado III de seguimento da titulación, a baixada se debe en parte a que algúns estudantes atoparon traballo durante o curso e tiveron que deixar o TFM para o curso académico 2023/2024. As obrigas laborais ás que ten que atender o alumnado é común en todos os mestrados.

**Gráfica 8: Taxa de graduación nos mestrados da FFT
(cursos 2020-21, 2021-22 e 2022-23)**



Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo

Por outra banda, a Facultade de Filoloxía e Tradución destaca tamén por favorecer a mobilidade do estudiantado, e nese sentido é importante indicar a cifra de estudantes que participan en programas de intercambio internacional (cadro 4). No curso 2022-2023, houbo un pequeno descenso da mobilidade do estudiantado na FFT. Así, o estudiantado internacional entrante foi de 118 —casi o 25% dos 485 que chegan á Uvigo— fronte aos 140 do curso 2021/2022, pero moi por enriba dos 63 do curso 2020/2021. Tamén descenderon os saíntes, 34, fronte aos 54 do curso anterior, pero superando os 23 do curso 2020/2021. Xa que logo, os datos son positivos, pero é necesario esperar á evolución nos seguintes cursos para comprobar se a FFT lograr recuperar os niveis previos á pandemia, cando o internacional entrante roldaba os 200 e o saínte os 90.

Cadro 4: Mobilidade de estudantado da FFT (curso 2022/2023)

Titulación	Nacional entrante	Internacional entrante	Total	Nacional saínte	Int. Saínte	Total
GCLEL		22	22			
FAGE		3	3			
GLE		28	28		15	15
GTI		43	43	3	19	22
MILA		1	1			
MTCI		1	1			
Sen asignar		20	20			
Total		118	118	3	34	37

Fonte: Portal de transparencia da Universidade de Vigo-Data de actualización novembro de 2023.

TÁBOAS DE RESULTADOS POR TITULACIÓN

Grao en Linguas Estranxeiras

Titulación			<u>Grao en Linguas Estranxeiras</u>			
Panel de indicadores			<u>¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido</u>	<u>Resultado Curso 2022-2023</u>	<u>Resultado Curso 2021-2022</u>	<u>Resultado Curso 2020-2021</u>
Codg SGC	Codg ACSUG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudantado	Si: > 3 sobre 5	2.61	2.83	2.83
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: > 3.5 sobre 5	3.77	Sen datos. Enquisa bianual.	3.98
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: > 3.5 sobre 5	3.16	2.75	3.18
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Si: > 3 sobre 5	Sen participación	Sen datos Enquisa bianual.	5.00
I01-AC		Nota media de acceso	Si: 7-8,5	Admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS 5.10 Acreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel 7.580 Título de licenciatura do sistema	Bacharelato: 8.736 9.124 Acreditación ou credencial de homologación: 6.825 Tít. Grao: - FP:	Bacharelato: 8.153 8.153 Acreditación ou credencial de homologación: 8.571 Tít. Grao: 7.610 FP: 7.385 7.385

			universitario español 8.164 Título Superior de Formación Profesional 7.850 Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español H: 7.255 M: 9.044	6,830		
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Non	5.020	6	7.385
I02-AC		Ocupación	Si: 100% - 105%	106%	122%	114%
I03-AC		Preferencia	Si: 90% - 100%	100%	130%	98%
I03(2)-AC		Adecuación	Si: 70% - 80%	83,02%	75,41%	73.68%
I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	Si: Manter ou Incrementar	53	61	57
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	37.06%	1º: 37.25% 2º-4º: 27.89%	Non saíron datos do curso 2020/2021
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4.09	1º: 4.33 2º-4ª: 4.23	4.15
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: ≥ 3 sobre 5	Total: 2.56 Mulleres: 2.56 Homes:0	Total: 3.00 Mulleres: 3.00 Homes:0	2.70 Mulleres 2.63 Homes 3.67
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	3,63 Mulleres 4,10 Homes 3,02	Sen datos. Enquisa bianual.	3,86 Mulleres 3.89 Homes 3.90
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	2,90 Mulleres 2,90 Homes 2,91	Total: 2,3	3.06 Mulleres 3.06 Homes 0
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	Total: 4,67 H: 4,67	Total: 5 M-5	Non se aplica a GLE.
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	43	52	8
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	28	31	No centro hai 63 entrantes
I010-DO		Duración media dos estudos	Si: 4-5 anos	5,25 M- 5,21 H- 5,5	4,83 M- 4,81 H- 5	Non saíron datos do curso 2020/2021

I011-DO		Taxa de rendemento	Si: ≥80%	67% M-69% H-62%	73% Mulleres 77% Homes 58%	79% Mulleres 83% Homes 69%
I012-DO		Taxa de abandono	Si: ≤20%	10,42%	25%	20.83%
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: 90%	86,39 M- 86,30% H- 86,96%	89% M- 91% H- 78%	89% Mulleres 89% Homes 91%
I014-DO		Taxa de graduación	Si: ≥50%	41.67	65.96%	44.90%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: 80%	79% Mulleres 78% Homes 79%	73% Mulleres 77% Homes 58%	89% Mulleres 90% Homes 86%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I017-PE	17	Porcentaxe de PAS en formación	Si: ≥75%	67.16% (dato global do centro FFT)	21.43% (dato global do centro FFT)	43.32% (dato global do centro FFT)
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non	Total: 10 Muller: 9 Home: 1	Total: 8 Muller: 7 Home: 1	Total: 17 Muller: 14 Home: 3
I02-PE		Cualificación do PDI	Si: 70%-80%	Prof. Doutor= 58.62% (34/58) Quinquenios = 138	Prof. Doutor= 66.66% (36/54) Quinquenios = 137	Prof. Doutor= 69.04% (29/42) Quinquenios = 111
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Si: ≥60%	85/108 Sex. PDI 78,7%		57/77 SEX. PDI 74.02%
I03(2)-PE	Profesorado por categoría	Catedrático/a		8	5	4
		Profesor/a Titular de Universidade		21	20	17
		Profesor/a Titular de Escola Univ.				1
		Profesor/a contratado/a doutro/a		1	3	2
		Profesor/a axudante doutor/a		2		
		Profesor/a contratado/a de substitución		7	11	9
		Profesor/a asociado/a T3		1	2	2
		Lector/a de idioma estranxeiro		3	4	3
		Investigador		6	5	4
		Invitado		9	4	
II.1.2 Rexistro de resultados dos indicadores específicos do seguimento establecido por ACSUG:						

Indicadores de Seguimento			Resultado Curso 2022-2023	Resultado Curso 2021- 2022	Resultado Curso 2020-2021	
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)- Alumnado por titulación de procedencia (mestrado).	Admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS	1		
			Acreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel	1	2	4
			Título de licenciatura do sistema universitario español	1		
			Título de grao do sistema universitario español			1
			Título Superior de Formación Profesional	1	4	4
			Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	47	47	44
			TOTAL	51	53	53
I9	% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Sen datos	Non dispoñibles	Non dispoñibles	Non dispoñibles	
I10	Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Sen datos	3	1	0	
I11	Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade	Extracurriculares:	Extracurricular es:	Extracurric ulares	
		HEIMAT ATLÁNTICA	1	0	0	
I14	Resultados de inserción laboral		https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69	https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69	
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	Total Nº Efec.:1450 Total Nº Grupo A: 38 TOTAL: 38,15			

		Tamaño grupos C	Total Nº Efec.:1450 Total Nº Grupo C: 75 TOTAL: 19,33		
		..			

Grao en Tradución e Interpretación

Titulación			<u>Grao en Tradución e Interpretación</u>			
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	<u>Resultado Curso</u> <u>2022-2023</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2021-2022</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2020-</u> <u>2021</u>
Codg SGC	Cod g ACS UG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	Si: > 3 sobre 5	3 (es-fr) 3,07 (es-en) 2,92 (gal-en)	2,71 (es-fr) 2,49 (es-en) 3,19 (gal-en)	3,51 (es-fr) 3,16 (es-en) 2,57 (gal-en)
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: > 3,5 sobre 5	3,81 (es-fr) 3,67 (es-en) 4,23 (gal-en)	Sen datos. Enquisa bianual.	3,87 (es-fr) 3,75 (es-en) 3,69 (gal-en)
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: > 3,5 sobre 5	3,76 (es-fr) -- (es-en) 2,97 (gal-en)	3,26 (es-en)	2,79 (es-fr) 3,41 (es-en) 3,03 (gal-en)
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Si: > 3 sobre 5	5,00	Sen datos	Sen datos
I01-AC		Nota media de acceso	Si: 7-8,5	Admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS 11,218 Acreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel 6,00 7,807 FP 7,00 Título Superior de Artes Plásticas e Deseño 7,100 Bacharelato 9,783 10,959	Bacharelato: 9,467 10,013 Maores 25: 7,740 FP: 8,725 9,293	Bacharelato e selectividade: 10,001 10,001 Licenciado: 6,184 Diplomado: 6,603 Mayores 25: 7,458 7,458 Equiv./homol. /valid.: 6,414 6,414 FP: 6,903 6,903
I01(2)-AC		Nota mínima de acceso	Non	6	5,54	6,18
I02-AC		Ocupación	Si: 100% - 105%	77,5%	107,5%	106,67%
I03-AC		Preferencia	Si: 90% - 100%	123,33%	155%	138,33%
I03(2)-AC		Adecuación	Si: 70% - 80%	86,02%	73,64%	80,47%

I04-AC	I1	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudiantado matriculado en cada curso a académico)	Si: Manter ou Incrementar	93	129	128
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	es-fr: 26,45% es-in: 37,17% gal-fr: 62,5% gal-in: 33,93%	Sen datos	Non saíron datos do curso 2020/2021
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudiantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4.09	Sen datos	es-fr: 4,25 es-en: 4,16 gal-fr: 3,98 gal-en: 4,09
I05-DO		Grao de satisfacción do estudiantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: ≥ 3 sobre 5	Es-fr: 2,55 Es-in: 3,03 Gal-in: 2,90	Es-fr:2,5 Es-en:2,08 Gal-en:3	Es-fr: 3,00 Es-en: 2,91 Gal-en: 2,64
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	Es-fr: 3,64 Es-in: 2,98 Gal-in: 4,14	Sen datos. Enquisa bianual.	Es-fr: 3,45 Es-en: 3,53 Gal-en: 3,27
I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	Es-fr: 3,62 Gal-in: 2,74	Es-en: 3,11	Es-fr: 2,64 Es-en: 3,07 Gal-en: 2,57
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	Es-fr: 4,25 Gal-in: 4,11	Es-en:4,13	Es-fr: 2,67 Es-en: 3,67 Gal-en: 3,67
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	62	80	Es-fr: 5 Es-en: 14 Gal-en: 2 Total: 21
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	43	49	No centro hai 63 entrantes (ver cadro 3)
I010-DO		Duración media dos estudos	Si: 4-5 anos	4,89 Mulleres 4,94 Homes 4,60	4,95 Mulleres 4,97 Homes 4,86	Non saíron datos do

					curso 2020/2021	
I011-DO		Taxa de rendemento	Si: > 80%	85% Mulleres 87% Homes 78%	80% Mulleres 80% Homes 78%	81% Mulleres 84% Homes 74%
I012-DO		Taxa de abandono	Si: ≤20%	16,07%	22,81%	21,00%
I013-DO		Taxa de eficiencia	Si: 90%	92,50% M-91,99% H-95,35%	90% M-90% H-93%	92% Mulleres 92% Homes 95%
I014-DO		Taxa de graduación	Si: ≥50%	55%	65,81%	61,42%
I015-DO		Taxa de éxito	Si: 80%	92% M-93% H-89%	80% Mulleres 80% Homes 78%	91% Mulleres 87% Homes 92%
I016-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I017-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	Si: ≥75%	67,16% (dato global do centro FFT)	21,43% (dato global do centro FFT)	43,32% (dato global do centro FFT)
I017(2)-PE	I6	Profesorado en programas de formación	Non	Total: 14 Muller: 12 Home: 2	22	36
I02-PE		Cualificación do PDI	Si: 70% - 80%	Prof. Doutor= 64,78% (46/71) Quinquenios =151	Prof. Doutor= 66,66% (50/75) Quinquenios =155	Prof. Doutor= 68,83% (53/77) Quinquenios = 164
I03-PE		Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios)	Si: ≥60%	79/113 SEX. PDI 69,9%	77/114 SEX. PDI 67,54%	72/121 SEX. PDI 59,50%
I03(2)-PE		Profesorado por categoría -	Catedrático/a de universidade	4	4	3
			Titular Universidade	23	24	25
			Contratado Doutor	7	10	11
			Axudante Doutor	3	2	
			Titular de escola	2	2	2
			Profesor/a asociado/a T3	15	14	18
			Contratado/a de substitución	9	8	8
			Lector/a de idioma estranxeiro	3	3	2
			FPI			1
			Posdoutoral FPI			1
			Predoutorais			3
			Ramón y Cajal			1
			Profesor/a invitado/a		2	2
			Non aplicable	5	6	

Indicadores de Seguimento			<u>Resultado Curso</u> <u>2022-2023</u>	<u>Resultado Curso</u> <u>2021-2022</u>	<u>Resultado</u> <u>Curso 2020-</u> <u>2021</u>	
E3	I2	Perfil de ingreso do alumnado (grao)-Alumnado por titulación de procedencia (mestrado).	Admisión por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS	1		
			Acreditación ou credencial de equivalencia ou homologación do título de bacharel	4		5
			Título Superior de Formación Profesional	1	6	4
			Título de licenciatura do sistema universitario español			1
			Título Superior de Artes Plásticas e Deseño	1		
			Proba de acceso específica		1	2
			Título de diplomatura ou de mestre do sistema universitario español			1
			Título de Bacharelato do Sistema Educativo Español	83	107	106
		Resultado	90			
I9		% de profesorado do título avaliado polo programa DOCENTIA (quinquenal)	Non dispoñibles	Sen datos	Sen datos	
I10		Nº e % de profesorado que participa en programas de mobilidade	Nº	8	10	2
			%			
I11		Distribución do alumnado por centro de prácticas	Nome da empresa Entidade (2022-2023)		Extracurriculares	
			Grao en Tradución e Interpretación (Español-Francés)			
			Grao en Tradución e Interpretación (Español-Inglés)			
			Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Francés)			
			Grao en Tradución e Interpretación (Galego-Inglés)	Concello de Redondela EDITORIAL GALAXIA	1 1	

I14	Resultados de inserción laboral		Consultar enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69	Consultar enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69	Consultar enlace: https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/transparencia/grupo/show/5/69
I15	Media de alumnos por grupo de docencia	Tamaño grupos A	Total N° Efec.: Total N° Grupo A: TOTAL:	DATOS NA PDA	DATOS NA PDA
		Tamaño grupos B	Total N° Efec.: Total N° Grupo B: TOTAL:	DATOS NA PDA	DATOS NA PDA
		Tamaño grupos C	Total N° Efec.: Total N° Grupo C: TOTAL:	DATOS NA PDA	DATOS NA PDA

Máster en Tradución Multimedia

Titulación			Máster en Tradución Multimedia			
Panel de indicadores			¿Existe Meta de calidade asociada aos obxectivo de calidade do centro? Indicar valor establecido	Resultado Curso 2022-2023	Resultado Curso 2021-2022	Resultado Curso 2020-2021
Codg SGC	Codg ACS UG	Descrición				
I02-MC	I4	Grao satisfacción estudiantado	Si: > 3 sobre 5	3,79	2,76	3,72
I03-MC	I4	Grao satisfacción profesorado	Si: > 3.5 sobre 5	4,61	Sen datos. Enquisa bianual.	4,72
I04-MC	I4	Grao satisfacción persoas tituladas	Si: > 3.5 sobre 5	4.30	3.02	2,83
I06-MC	I4	Grao satisfacción empregadores	Si: > 3 sobre 5	4,33	Sen datos	Sen datos
I01-AC		Nota media de acceso	Si: 7-8,5	7,326 (G. en Turismo) 6,998 (GLE) 7,505; 7, 505; 9,025; 7,620; 7,400 (GTI) 8,060 (G. en Estudos Ingleses) 7,393 (G. en Lingua e Literatura Inglesas) 6,712 (G. en Estudos Ingleses. Lingua,	7,031 (GLE) 6,988; 6,988; 8,081; 9,330; 7,155 (GTI) 7,932 (G. en Tradución Inglés - Alemán) 7,593 (G. en Tradución Inglés - Francés) 6,568 (G. en Lingua e Literatura Inglesas) 8,098; 8,900; 7,555 (G. en Estudos Ingleses) 7,455 (G. en Inglés, Estudos Lingüísticos e Literarios)	GTI: 7,686; 7,410; 8,040; 7,520; 8,700; 7,160 Graduado Maxisterio en Educación Primaria: 8,190 G. en Linguas Modernas e Tradución: 7,285 G. en Linguas e Literatura inglesas: 6,331 Graduado en Inglés, Estudos

			Literatura e Cultura) 6,495 (G. en Inglés, Estudos Lingüísticos e Literarios) 5,665 (G. en Galego e Portugués Estudos Lingüísticos e Literarios) 6,530 (G. en Filoloxía Hispánica)	7,730 (G. en Lingüística e Linguas Aplicadas) 7,934 (G. en Linguas Modernas e as súas Literaturas)	Lingüísticos e Literarios: 5,909 Graduado en Estudos Ingleses: 6,969 Graduado en Economía: 6,910	
I01(2)-AC	Nota mínima de acceso	Non	Non procede	Non procede	5,909	
I02-AC	Ocupación	Si: 70% - 80%	93,33%	100%	103,33%	
I03-AC	Preferencia	Si: 90% - 100%	Non se aplica para o título de máster	Non se aplica para o título de máster	Non se aplica para o título de máster	
I03(2)-AC	Adecuación	Si: 70% - 80%	Non se aplica para o título de máster	Non se aplica para o título de máster	Non se aplica para o título de máster	
I04-AC	II	Matrícula de novo ingreso por preinscripción (Evolución do estudantado matriculado en cada curso a académico)	Si: Manter ou Incrementar	28	30	31
I03-DO	I8	Participación do alumnado nas enquisas de avaliación do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	22,19%	49,80	Non saíron datos do curso 2020/2021
I04-DO	I8	Grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado (Enquisas de avaliación docente)	Non	4.09	3.81	3,88
I05-DO		Grao de satisfacción do estudantado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: ≥ 3 sobre 5	Total: 3,92 M: 3,83 H: 4,67	2,96	3,67 M- 3,90 H- 2,17
I06-DO		Grao de satisfacción do profesorado coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	4,83 M: 4,72 H: 5	Sen datos. Enquisa bianual.	4,82

I07-DO		Grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino	Si: $\geq 3,5$ sobre 5	4,05 M: 4,05 H: --	2,93 M- 2,40 H- 3,20	2,14 M- 2,00 H- 2,40
I08-DO		Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas	Non	4 M: 4 H: --	Sen datos	3,67 M- 3,33 H- 4,00
I09-DO	I3	Estudantes que participan en programas de mobilidade internacionais	Non	Sen datos	Sen datos	0
I09(2)-DO		Estudantes estranxeiros	Non	Sen datos	Sen datos	0
I10-DO		Duración media dos estudos	Si: 1-1,5 anos	1,24 M- 1,24 H- 1,25	1,57 M- 1,7 H- 1	Non saíron datos do curso 2020/2021
I11-DO		Taxa de rendemento	Si: $> 80\%$	86% M- 92% H- 70%	93% M- 95% H- 90%	91% M- 93% H- 87%
I12-DO		Taxa de abandono	Si: $\leq 5\%$	3,23%	12,90%	12,00%
I13-DO		Taxa de eficiencia	Si: 90%	97,35% M- 97,30% H: --	97% M- 97% H- 100%	98% M- 98% H- 98%
I14-DO		Taxa de graduación	Si: $\geq 65\%$	83,33% M- 90,48% H- 66,67%	90,32%	83,87
I15-DO		Taxa de éxito	Si: 80%	99% M- 100% H- 98%	93% M- 95% H- 90%	99% M- 100%
I16-DO		Tempo medio para atopar emprego	Non	Sen datos	Sen datos	Sen datos
I01 7-PE	I7	Porcentaxe de PAS en formación	Si: $\geq 75\%$	67,16% (dato global do centro FFT)	21,43% (dato global do centro FFT)	43,32% (dato global do centro FFT)
Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Tal e como se indica en informes anteriores, a páxina web da Facultade de Filoloxía e Tradución (<http://fft.uvigo.es/gl/>) recolle información axeitada e moi completa sobre todos os aspectos da titulación, con ligazóns/iconas directas á súa descrición dende a páxina de 'Inicio' e dende a pestana 'Estudos', que figura na parte superior da páxina. Nesta pestana hai unha sección dedicada aos responsables das titulacións (pestana 'Coordinación das Titulacións') e tamén se ofrece unha sección sobre o Suplemento Europeo ao Título. A nomenclatura das pestanas na páxina de inicio é transparente e de doado acceso. Os ítems desglosados son os seguintes:

- ‘Facultade’: órganos de goberno, departamentos, persoal de administración e servizos, recursos materiais e servizos, normativas, localización, contacto.
- ‘Docencia’: calendario académico, profesorado, guías docentes, horarios, exames, Traballo Fin de Grao, Traballo Fin de Mestrado.
- ‘Estudos’: ligazóns individuais para cada Grao, ligazón común para os mestrados, coordinación das titulacións, Suplemento Europeo ao Título.
- ‘Alumnado’: matrícula, orientación ao estudantado, xornadas de acollida, Plan de Acción Titorial e MEET, bolsas e axudas, prácticas externas, Delegación de Alumnado.
- ‘Intercambios’: *incoming students*, alumnado da FFT.
- ‘Investigación’: departamentos, grupos de investigación, revistas.
- ‘Calidade’: SGIC, comisión de calidade, seguimento de títulos, acreditación de títulos, Docencia.
- ‘Comunicación’: avisos, noticias, eventos, eventos anteriores.
- ‘Contacto’.

A páxina actualízase de forma frecuente e precisa, e revísase diariamente. Conta cun fácil acceso para remitir suxestións, queixas e parabéns.

O estudantado do Grao en Linguas Estranxeiras dispón tamén de información na páxina web do departamento FIFA (Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá) ao que pertencen a maioría dos/das docentes da titulación (<https://fifa.uvigo.es/gl/>). O obxectivo é aportar información sobre a titulación e o seu profesorado, e así mellorar a transparencia e comunicación co alumnado. Dita páxina foi modificada e renovada no curso 2020/2021 e funcionou sen incidencias no curso 2022/2023.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que se baseou a valoración:	
E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)	
R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública	
QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública	
Indicadores nos que se baseou a valoración:	
I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.	

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.	
Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.	
Reflexión/comentarios que xustifiquen la valoración:	
Durante os cursos 2019/2020 e 2020/2021 a Facultade de Filoloxía e Tradución en colaboración coa Área de Calidade da Uvigo, elaborou, co obxecto de renovar a certificación do SGC do centro, o documento, previo a visita, coa información recollida no informe final de certificación de 2014, o estado da situación na fase de seguimento de 2017, a valoración da ACSUG ao informe de seguimento, e o informe de cambios no SGIC dende a súa certificación. Este documento (<i>Renovación da Certificación do Sistema de Garantía de Calidade</i>) foi validado pola Comisión de Calidade da FFT o 15 de setembro de 2020 e aprobado en Comisión Permanente o 17 de setembro. Foi enviado á ACSUG pola Área de Calidade da Universidade de Vigo unha semana despois. Aínda que a reunión virtual da comisión de avaliación ao centro, para someterse ao proceso de renovación de certificación do seu SGC, teríase que ter realizado no curso 2020/2021 foi adiada pola ACSUG ata o 23 de novembro de 2021. O informe definitivo da ACSUG foi enviado a FFT o 11 de outubro de 2022. A Comisión de Avaliación, unha vez examinado o Sistema de Garantía de Calidade (SGC) do centro con obxecto de avaliar o seu grao real de implantación, emitiu a valoración de: FAVORABLE. A certificación ten validez ata o 11/07/2027 cunha fase intermedia de revisión en outubro de 2025.	
Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
•	•

<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p>I5: <u>Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</u></p>

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:

Como se indicou no Criterio 2. do presente informe, a páxina web do centro ofrece información completa e detallada do persoal académico da facultade. As fichas individualizadas inclúen datos de contacto, docencia impartida, temas de interese na investigación e cargos de xestión de cada membro do cadro de PDI (<http://fft.webs.uvigo.es/>, pestana 'Docencia', sub-pestana 'Profesorado').

Por outra banda, ofrécese información sobre a composición dos departamentos aos que pertence o profesorado que imparte docencia na facultade (<http://fft.webs.uvigo.es/>, pestana 'Facultade', sub-pestana 'Departamentos').

No tocante á titulación do Grao en Linguas Estranxeiras, o departamento de Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá, ao que pertence a maioría do profesorado da titulación, dispón dunha páxina web propia (<http://fifa.uvigo.es>) con ligazóns individuais para o PDI das tres áreas de coñecemento (inglés, francés, alemán).

Ao longo do curso 2019/20 elaborouse unha nova páxina web da FFT e no curso 2020/21, unha nova páxina do Departamento, dispoñible dende entón (<https://fifa.uvigo.es/gl/>). En 2022-23, ambas as dúas funcionaron con total normalidade e sen incidencias.

No curso 2022-23 o cadro de persoal pertence a oito áreas de coñecemento, na súa maioría da área de Filoloxía Inglesa. O profesorado que participa na titulación conta co nivel de cualificación (experiencia docente e investigadora) esixido para a impartición do mesmo. No que atinxe á avaliación docente, a experiencia do persoal académico no Grao en Linguas Estranxeiras axéitase ao requirido no plan de estudos. Canto aos indicadores concretos que reflicten o perfil do PDI, no tocante ao I02-PE: Cualificación do PDI, obsérvase que máis da metade do PDI (58.62%, 34/58) é Doutor, mentres que o total de quinquenios acumulados por dito persoal ascende a 138. Con respecto ao indicador I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico (Sexenios), o PDI acumula un total de 85 (78.7%). Canto ao indicador I03(2)-PE: Profesorado por categoría, o número de Catedráticas/os elevouse de 5 en 2021/2022 a 8 en 2022/23; o profesorado Titular aumentou nun membro ata situarse nos 21, mentres que o Profesorado Contratado Doutor descendeu de 3 a 1; ademais, o Profesorado Axudante Doutor situouse en 2, Profesorado Contratado de Substitución baixou de 11 a 7, ao igual ca o Profesorado Asociado, que baixou de 2 a 1, e o Profesorado Lector, que descendeu de 4 a 3. O persoal investigador elevouse de 5 a 6, ao igual ca o profesorado convidado, que se elevou de 4 a 9.

Os datos da convocatoria quinquenal do programa DOCENTIA non están dispoñibles para o curso 2022/2023.

Nosa titulación acrecentou un curso máis a súa participación en programas de formación de PDI ofertados pola Universidade. Tal e como se observou anteriormente na análise do indicador I017(2)-PE, 10 persoas (9 mulleres e 1 home) estiveron en formación en 2022/2023, o cal supón un lixeiro aumento con respecto ao curso anterior.

Canto aos datos do profesorado involucrado nos programas de mobilidade en 2022/2023, do grao de GLE participaron tres persoas.

Puntos febles detectados:

- Escasa participación do PDI en programas de mobilidade.

Accións de mellora a implantar:

- Incentivar a participación nos programas de mobilidade.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

A Facultade de Filoloxía e Tradución posúe en xeral instalacións axeitadas para un bo desenvolvemento da docencia. Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento do Centro a mellorar as instalacións, tanto coa adquisición de novos recursos coma co mantemento dos existentes:

LABORATORIO DE INTERPRETACIÓN. No pavillón Newton da FFT, onde se atopa sito o Laboratorio de Linguaxe e Cognición, instalouse en 2022/2023 un espazo destinado a estudo de dobraxe e interpretación, emulando os estudos profesionais existentes para estes traballos. Aínda que o alumando do GLE non ten materias desta natureza, dito espazo foi amosado ao estudantado co fin de que coñeza da súa existencia e poida tela en conta ao considerar estudos de mestrado, por exemplo.

INSTITUTO DA LINGUA. Neste curso comezou a funcionar, tamén no Pavillón Newton da FFT, o espazo destinado ao Instituto da Lingua, creado pola UVigo co fin de agrupar todas aquelas persoas que investigan en eidos directa ou indirectamente vencellados ás linguas. Dito instituto conta con varias salas no devandito pavillón, onde no curso 2022/2023 se realizaron encontros entre o alumnado de 4º do GLE e diversas persoas investigadoras en eidos coma a psicolingüística, o ensino de linguas, a sociolingüística ou a neurociencia, por dar só uns cantos exemplos.

LABORATORIO DE LINGUAXE E COGNICIÓN. Con especial relevancia para a Facultade en xeral, e para a nosa titulación en particular, cómpre lembrar que a comezos do curso, 18/19, tivo lugar a inauguración oficial do Laboratorio de Linguaxe e Cognición, unha grande adquisición tecnolóxica destinada a investigación, que foi conseguida para a FFT tras una petición conxunta entre o Grao de Linguas Estranxeiras (área Filoloxía Inglesa) e o Grao de Estudos Galego-Español (área de Lingua Española). Ademais de servir como infraestrutura para a realización de proxectos de investigación cos equipamentos coas que conta o laboratorio (NIRS, EEG, *eye-trackers*), en 2022/2023 o espazo do mesmo utilizouse para a celebración de seminarios de formación en investigación, ademais de reunións do alumnado de Doutoramento en Estudos ingleses. Varias persoas que na actualidade realizan o doutoramento con docentes do Departamento IFA contan co seu espazo de traballo nas instalacións do laboratorio.

PLATAFORMAS DE TELEDOCENCIA. No que atinxe á plataforma de teledocencia MooVi (<https://moovi.uvigo.gal/login/index.php>), seguiu a funcionar en 2022/2023 como ferramenta de grande utilidade para a docencia e case a práctica totalidade do profesorado fixo uso dela. Tamén están dispoñibles outras plataformas como blogs, páxinas web, ou o repositorio de videoconferencias da UVigo TV, cada vez en maior uso e difusión.

BIBLIOTECA. Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución considéranse axeitados para as esixencias que conleva unha titulación coma o GLE. Pódense consultar na ligazón <http://sp.bugalia.org/vig/gl/subjects/databases.php?tipo=todos>. Ademais, a biblioteca da FFT conta cun blog (<http://blogdabiblio.es/>) e con varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Universidade (<http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>). A páxina web do Centro contén unha icona coa ligazón directa ao catálogo da biblioteca (<http://fft.webs.uvigo.es/>).

A maiores, a Biblioteca Central da Universidade ofrece un curso especial na plataforma de teledocencia para a elaboración do Traballo Fin de Grao (“Como afrontar o teu TFG”, TELEDOC1159), que se pon a disposición do estudantado da materia antes do comezo do seu cuadrimestre, por medio da coordinadora da materia. A participación é voluntaria e o estudantado recibe un certificado se completa o curso.

PROMOCIÓN E CAPTACIÓN. Tal e como se recoñece nos informes de seguimento de cursos anteriores, o conxunto de actividades de promoción da titulación, de acollida de alumnado e de orientación académica para o GLE é amplo e coherente.

Durante o curso 2022/23 continuouse a desenvolver o Plano de Promoción e Captación de Estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo, en funcionamento dende 2012/13. O plano está dirixido ao estudantado de novo ingreso tanto de graos como mestrados. Dende o equipo decanal e as coordinacións das titulacións do Centro consideramos que o seu progreso é satisfactorio.

A xornada de acollida para o novo estudantado do curso 2022/2023 tivo lugar a comezos de setembro de 2022. A coordinadora de Grao e do PAT informaron ao estudantado sobre o plan de estudos e presentaron o Plan de Acción Titorial e o MEET. Ademais, durante o curso 2022/2023, a Facultade de Filoloxía e Tradución levou a cabo unha serie de actividades encamiñadas a promover o centro e as súas titulacións. O Informe anual das accións desenvolvidas pode consultarse en: <http://fft.uvigo.es/gl/calidade/sgc/registros-e-evidencias/>

CANLES. Entre as canles diversas de orientación académica durante o curso académico podemos destacar as seguintes:

- A páxina web do centro (<http://fft.uvigo.gal>) ofrece un servizo completo de información sobre o funcionamento das titulacións e os servizos ofertados, con pestanas transparentes como son ‘Facultade’,

‘Docencia’, ‘Estudos’, ‘Alumnado’, ‘Intercambios’, ‘Investigación’, ‘Calidade’, ‘Comunicación’, e ‘Contacto’ (ver detalles no Criterio 2).

- A FFT dispón de paneis informativos en pantalla de plasma no pavillón central para informar ao alumnado de eventos ou para avisar de prazos de matrícula, bolsas, cambios de horarios, etc.
- Tal e como sucedera en cursos anteriores, durante o curso 2022/2023 distribuíuse un folleto de información e difusión do Grao en Linguas Estranxeiras.
- Faise uso frecuente do espazo virtual de PAT na plataforma MooVi. Isto permítenos divulgar os obxectivos de calidade do Centro, novidades de regulamentos, avisos de importancia para a titulación, etc. Este espazo virtual é administrado pola coordinadora da titulación.
- Outra canle de comunicación para a orientación ao alumnado é a lista de correo da Facultade: fft@listas.uvigo.gal. Ademais, o departamento FIFA xestiona para o Grao en Linguas Estranxeiras a lista de correo [filing](mailto:filing@listas.uvigo.gal) (filing@listas.uvigo.gal) con anuncios e avisos importantes que atinxen á docencia e investigación específicas da nosa titulación; por exemplo, avisos de conferencias, de emprego, bolsas, etc. O alumnado recibe o formulario de subscripción a esta lista de correo durante as xornadas de acollida para estudantes de novo ingreso, na sesión de presentación coa coordinadora da titulación.
- O departamento FIFA ten unha páxina web propia (<http://fifa.uvigo.gal>), na que o estudantado pode atopar información sobre o profesorado (por área de coñecemento), sobre o equipo directivo, os grupos de investigación, os estudos de Grao, Mestrado e Doutoramento, etc. A páxina tamén incorpora un blog.

SERVIZOS DE ORIENTACIÓN. Entre os diferentes servizos ofrecidos de orientación académica e de atención ao estudantado destaca o Plan de Acción Titorial (PAT). O manual para o curso vixente está dispoñible na páxina web da FFT, nunha sección específica da pestana ‘Alumnado’. O obxectivo xeral é moi relevante, na medida en que permite detectar e solucionar problemas no desenvolvemento da docencia.

A valoración do programa PAT nas enquisas de satisfacción do alumnado segue sendo susceptible de mellora, cuestión ligada ao feito de que moito alumnado non asiste ás reunións convocadas. Tal e como se sinalou anteriormente, cabería incentivar a asistencia a ditas reunións por medio da concesión dalgún crédito de Libre Elección ou celebrando algunha reunión de especial relevancia en horarios de clases.

Por outra banda, no 1º curso do Grao en Linguas Estranxeiras continuou co programa de mentorización MEET-FFT (*Peer Mentoring*), o cal se implantou para o GLE no curso académico 2015-2016. A información sobre os obxectivos e o funcionamento do MEET pode atoparse na páxina web do centro, na pestana do PAT, así como no Manual do Plan de Acción Titorial da FFT. A valoración global do programa é moi positiva por parte dos actores involucrados, se ben é certo que a participación do alumnado amosa unha tendencia á baixa. Cómpre destacar que continúan os esforzos por parte da coordinación das titulacións e por parte do equipo decanal para fomentar a representación de alumnado en órganos de goberno da Facultade, así como para fomentar as actividades da Delegación de Alumnado da FFT. O estudantado do GLE participa activamente tanto con representación no equipo directivo da delegación de estudantes (con representación dende o curso 2015-2016) como con representación en diversas comisións do Centro, como son a Comisión de Calidade, a Comisión Permanente, a Comisión de Relacións Exteriores e a Comisión de Extensión Universitaria. Outra canle fundamental para a comunicación co alumnado é a constitución de delegados/as de curso, vixente na titulación dende 2016-2017, cun/ha delegado/a por curso.

CAPTACIÓN DE ALUMNADO. Tal e como se apuntou en informes de cursos anteriores, unha das potencias limitacións para a captación de alumnado é a grande distancia que media entre a FFT e os núcleos urbanos máis próximos (e.g., case 15 km. dende o centro da cidade de Vigo ata a FFT). Con todo, o que a priori pode semellar un factor en contra, pode tornarse nun factor vantaxoso, pois a ubicación non urbana da facultade facilita a chegada de alumnado de fóra da cidade de Vigo (Val Miñor, o Morrazo, Baixo Miño, mesmo Pontevedra, Ourense, etc.), así coma o estacionamento de vehículos particulares. Sería esencial que a comunicación coa cidade de Vigo en medios públicos se fixese máis doada mediante o establecemento de servizos máis frecuentes e cómodos para as persoas que os utilizan a diario.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título
 E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT
 E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.
 E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título
 E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia
 E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos
 I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas
 I11: N° de alumnado por centro de prácticas.
 I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

Na Facultade de Filoloxía e Tradución existe un protocolo de revisión das guías docentes das materias impartidas nas titulacións (evidencia E4). En primeiro lugar, a Coordinadora de Grao revisa cada unha das guías docentes da titulación e a Vicedecana de Calidade revisa as incidencias, se as houber. Como derradeiro paso, as guías docentes do GLE son validadas pola Comisión de Calidade e aprobadas pola Xunta de Centro.

A Coordinadora de Grao comproba que todas as competencias xerais e específicas do título son tratadas nas materias do programa formativo, de acordo coas estipulacións da memoria de verificación da titulación. Na aplicación informática as competencias soamente poden ser modificadas pola coordinación, co fin de evitar desaxustes posteriores. Se se detecta algún desaxuste, a coordinación reúne co profesorado encargado para resolvelo.

Unha evidencia destacable do bo funcionamento deste protocolo son os resultados das enquisas de avaliación docente, que recollen en xeral nos cursos anteriores unha valoración moi positiva no Bloque 1 sobre os contidos das materias, a adecuación das guías docentes e a coordinación de profesorado. No curso 2022/2023, as enquisas fixéronse con normalidade. Ben é certo que a participación non acaba de ser tan elevada como sería desexable (só se obtiveron respostas do 37% do total en 1º e 2º e do 35% en 2º e 4º). A puntuación global obtida para o profesorado de GLE é moi positiva: 4.07.

Tal e como se indicou anteriormente, a taxa de éxito global do GLE estivo moi perto do obxectivo establecido (80%), pois chegou ao 79% en 2022/23, superando con creces o 73% do curso anterior. Isto indica que se acadou o obxectivo de incentivar non só adquisición de coñecementos, senón tamén a motivación do alumnado.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se se baseou la valoración:

E4: Guías docentes das materias
 E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,tutor e calificación)
 E25/: Informes de cualificación por materia
 EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados adecúanse ás previsións e características do título.

Os indicadores de demanda no Grao en Linguas Estranxeiras amosan que o Grao segue a xerar interese entre o estudantado, maioritariamente procedente da comunidade galega. A evolución histórica da matrícula de novo ingreso superou as expectativas, pois todos os anos foi superior ás 40 prazas planificadas na Memoria de Grao e ás 50 prazas ofertadas despois da implantación do Decreto 222/2011 no curso 2012/13.

Porén, os índices de matriculación diminuíron no curso 2022/2023, pasando dos/as 61 alumnas de novo ingreso en 2021/2022 a 53 en 2022/2023. Xa que logo, e tendo en conta a tendencia demográfica á baixa nos vindeiros anos, cómpre manter estratexias de captación activas, dadas as dificultades numéricas que se van seguir atopando os graos no futuro.

A duración media de estudos superou a meta establecida (4-5 anos) e situouse nos 5.25 anos. En ocasións, o tempo adicional de matrícula débese a problemas administrativos, como por exemplo non poder presentarse á convocatoria de Fin de Carreira por non ter cursado certas materias como mínimo unha vez. Tamén se observou que os datos poden estar relacionados co desenvolvemento da materia Tránsito Fin de Grao.

Os indicadores das taxas da titulación evolucionan de xeito desigual, tal e como se analiza no apartado II do presente informe. Cabe incidir no descenso notable da taxa de abandono, que pasou dun 2,5% en 2021/2022 a un 10,42% en 2022/2023, así como o mantemento da taxa de eficiencia con valores superiores ao 85% (86,39% en 2022/2023). Porén, a taxa de rendemento non chegou ao nivel desexable (80%), situándose no 67% en 2022/2023, ao igual ca a taxa de graduación, que non alcanzou o 50% e quedou no 41,67%. Con todo, a taxa de éxito si que se achegou á cifra desexada, pois situouse no 79%.

Puntos febles detectados:

- A taxa de graduación non chega ao 50%.
- A duración media dos estudos é lixeiramente superior ao desexable.

Accións de mellora a implantar:

- Incentivar que o alumnado se gradúe no curso correspondente.
- Incentivar que o alumnado remate o grao en menos tempo (límite desexable: 4-5 anos).

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC

Indicadores:

- I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico
- I12: Evolución dos indicadores de resultados
 - Tasa de graduación
 - Tasa de abandono
 - Tasa de eficiencia
 - Tasa de rendemento
 - Tasa de éxito
 - Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial)
- I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso
- I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar emprego
- I010-D0: Duración media dos estudos

III.2. Seguimento da titulación: TRADUCIÓN E INTERPRETACIÓN

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

O plan de estudos segue a desenvolverse segundo a memoria (evidencias E1, E2, E3), sen incidencias, de tal xeito que o discente adquire correctamente as competencias do título, como demostra a taxa de éxito do 92% (mulleres (93%) e homes (89%), meta asociada 80%), que aumenta considerablemente con respecto ao curso 21-22 (80%) e recupera a cifra do 20-21 (91%). A taxa de eficiencia tamén subiu lixeiramente (92,50%, meta asociada 90%) desde 21-22 (90%) e mesmo supera a cifra do 20-21 (92%). Estes datos nos lévannos a pensar que a baixada nas cifras experimentada no 21-22 foi puntual.

As necesidades crecentes de comunicación e de entendemento entre culturas nun mundo globalizado xustifican o perfil formativo do título e a súa relevancia neste contexto. Ademais, as materias (a evidencia E4 recolle as guías docentes) constitúen a combinación dunha formación lingüística coa formación tradutolóxica e cultural, o que segue as recomendacións do *Libro Blanco del título de grado en Traducción e Interpretación*.

No perfil de ingreso encontramos: estudantado de Bacharelato (83, a maior parte do discente provén do Bacharelato en Humanidades e Ciencias Sociais). No curso 22-23 ingresaron 4 estudantes por equivalencia, homologación ou validación parcial de estudos estranxeiros. Rexístrase 1 ingreso mediante a titulación en Formación Profesional de Grado Superior, outro mediante un Título Superior de Artes Plásticas e Deseño e unha persoa admitida por recoñecemento dun mínimo de 30 ECTS. No curso 2022-2023 non se rexistraron ingresos de estudantes licenciados/as nin diplomados/as nin maiores de 25 anos.

A nota media de acceso no curso 2022-2023 do estudantado de Bacharelato sitúase nos valores de 9,78 e 10,95, a da persoa admitida por recoñecemento de créditos 11,21, 7 a da persoa que ingresou por FP, 7,1 a do ingreso por Artes Plásticas e, finalmente, entre 6 e 7,8 a do estudantado que entrou por equivalencia ou validación parcial. Todos os valores, salvo o 6, cumpren coa meta de calidade asociada aos obxectivos de calidade do centro e superan en varios casos o rango establecido do 7-8,5. A nota mínima de acceso, que viña caendo os tres últimos cursos (5,54 no 21-22, 6,18 no 2020-2021 e 6,75 no 2019-2020), experimenta unha lixeira subida no curso 2022-2023: 6.

Acádase a meta de calidade de preferencia (90%-100%) cun 123,33%, aínda que baixa (155% en 21-22, 138,33% no curso 20-21) e non se acada a meta de ocupación (100%-105%), que baixa do 107,5% no curso 2021-2022 ao 77,5%, rompendo a tendencia dos cursos anteriores (92,50% en 19-20, 106,67% en 20-21, 107,5% en 21-22).

Os datos de matrícula caen: 93 fronte a 129 en 21-22 e 128 en 20-21. A taxa de adecuación situada como meta no 70%-80% acádase (86,02%) e aumenta en relación cos anos académicos anteriores (80,47% no 20-21, 73,64% no 21-22).

A páxina web da Universidade de Vigo (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/matriculate/matricula-graos>) e a páxina da Facultade de Filoloxía e Tradución (<http://fft.uvigo.es/es/estudios/grado-gti/>) ofrecen información previa á matriculación de xeito que se pode saber máis sobre as condicións de matriculación e o programa formativo do título. Segundo o disposto no RD 861/2010, a titulación axéitase no referido aos requisitos para o acceso e a admisión. A admisión de estudantes da Universidade de Vigo réxese por normativa

propia aprobada en Consello de Goberno dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral. Esta normativa é satisfactoria. A procedencia do discente é principalmente galega e a Facultade de Filoloxía e Tradución é o centro de referencia no SUG para esta titulación; así mesmo rexístrase alumnado doutras Comunidades Autónomas.

Para o curso 2022-2023, o grao de satisfacción do discente coa planificación e desenvolvemento do ensino non acada a meta de calidade asociada de 3 na súa totalidade. De feito, só na combinación lingüística español-inglés chega ó 3 (3,03) fronte ás combinacións español-francés (2,55) e galego-inglés (2,9). No caso do grao de satisfacción das persoas tituladas coa planificación e desenvolvemento do ensino, os datos amosan que se acada a meta de calidade do 3,5 na combinación es-fr (3,62) e non na combinación gal-en (2,74); a combinación es-en para o curso 22-23 foi do 3,04 e case acada a meta de calidade. De todolos xeitos, hai que ter en conta que os datos de participación non son moi elevados (27%, 22%, 29% no caso do estudantado es-fr, es-en e gal-en e 36%, 9% e 21% no caso das persoas tituladas en es-fr, es-en e gal-en, respectivamente), polo tanto non se poden facer valoracións absolutas.

No curso 2022-23 solicitaron o recoñecemento de créditos 12 estudantes en total distribuídos do seguinte modo atendendo á combinación lingüística: español-francés (3), español-inglés (6) e galego-inglés (3).

No título recóllense varias competencias que esixen a mobilidade dos estudantes como, por exemplo, a comprensión doutras culturas e costumes e o recoñecemento da diversidade e da multiculturalidade. No curso 2022-2023, 17 estudantes de Tradución e Interpretación participaron en programas de mobilidade (menos que no curso 21-22: 35 e que no curso 20-21: 21). Acolléronse ao programa Erasmus 3 estudantes na combinación español-francés, 12 na combinación español-inglés e 2 na combinación galego-inglés. Dentro do programa Sicue a participación foi menor, só 3 estudantes en total optaron por este tipo de mobilidade: galego-inglés (3), fronte a 4 no 20-21. Un estudante da combinación fr-es participou na modalidade de Convenios extracomunitarios, a mesma cifra que no curso 20-21. Estes datos mantéñense baixos desde 20-21 se se comparan cos datos de mobilidade dos cursos 18-19 (59), 19-20 (69) o que se pode deber, non só á situación posterior á pandemia, senón tamén á situación económica actual de natureza inflacionista que incide nas posibilidades reais de mobilidade do discente.

Puntos febles detectados:	Accións de mellora a implantar:
Evidencias nas que basea a valoración: E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(grao) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza	
Indicadores nos que se basea a valoración: I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...)	

I09(2)-DO: Estudiantes estranxeiros
 I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza.
 I01-AC: Nota media de acceso
 I01(2)-AC: Nota mínima de acceso
 I02-AC: Ocupación
 I03-AC: Preferencia
 I03(2)-AC: Adecuación

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

A páxina web <http://fft.uvigo.es/es/estudios/grado-gti/> prové toda a información sobre cada un dos aspectos do título. Para a realización deste informe revísase que todas as ligazóns correspondentes co título funcionan correctamente. Ademais, a información relativa aos responsables do título tamén queda reflectida na páxina web do centro. Os contidos fornecidos mediante a páxina web do centro <http://fft.uvigo.es/es/> son revisados e actualizados de xeito periódico.

Ao respecto do dato de satisfacción xeral, neste criterio a satisfacción do alumnado sitúase nun 3,92 (español-francés), 3,09 (español-inglés) e 2,41 (galego-inglés), esta última cifra mellorou a do curso pasado sensiblemente (1,67). No caso do profesorado, as cifras son: 3,66 (español-francés), 3,96 (español-inglés) e 4 (galego-inglés). No caso das persoas tituladas a satisfacción neste criterio é do 3,4 entre a combinación español-francés, 3,88 entre español-inglés e 3,13 entre galego-inglés.

Nas enquisas de satisfacción o profesorado de gal-en destaca como un dos ítems máis valorados o Ítem 7: 'A facilidade para atopar contidos na páxina web' (5) e as persoas tituladas en español- galego o Ítem 8: 'A utilidade da páxina web da titulación' (4,25).

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)

R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública

QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.

Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.

Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración: Como o Sistema de Calidade de Calidade é unha cuestión que depende directamente do Centro, remitímos para este apartado ao contido do criterio 3 que se desenvolveu no grao de Linguas Estranxeiras.	
Puntos febles detectados: •	Accións de mellora a implantar: •
Evidencias nas que se baseou a valoración: E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/ <u>Comisión de Garantía de Calidade</u> E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade , manual e procedementos) E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública) E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)	
Indicadores nos que se baseou a valoración: I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.

Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.

O grao de cumprimento relativo ao criterio ‘Recursos humanos’ experimentou unha subida no curso 2022-23 ao respecto do curso 2021-22, salvo na combinación es-en, que baixou lixeiramente: 4,33 es-fr (2,75 en 21-22); 2,5 es-en (3 en 21-22) e 4 gal-en (2,50 en 21-22). No caso do profesorado, as cifras son positivas: 3,95 (es-fr), 4,27 (es-en) e 4,30 (gal-en) contamos con datos do profesorado debido a que se trata dunha enquisa bianual. E ao respecto das respostas das persoas tituladas, temos 4,30 (es-fr) (3 no curso 21-22), 3,25 (es-en) (3,75 no curso 21-22) e 3,13 (gal-en).

A área de Tradución e Interpretación é a maioritaria neste título. Os departamentos de Filoloxía Galega e Latina, Lingua española e Filoloxía Inglesa, Francesa e Alemá tamén imparten docencia en 1º e 2º curso desta titulación. No curso 2022-2023, os resultados de investigación de carácter académico (sexenios) acadan a meta de calidade asociada aos obxectivos do centro (60%) con 69,9%, cifra en aumento con respecto aos cursos anteriores (59,50% en 20-21, 67,54% en 21-22). Con respecto a cualificación do PDI, no curso 2022-2023, o 64,78% do profesorado é doutor (46/71) (meta asociada 70%-80%) e suma 151 quinquenios de docencia. A súa distribución é a seguinte: 4 catedráticos, 23 titulares, 7 contratados doutores, 3 axudantes doutor, 2 titulares de escola, 15 profesor asociado, 9 contratado de substitución, 3 lectores e 5 non aplicables.

O número de profesorado en programas de formación segue a descender: 14 no curso 2022-2023, 22 no curso 2021-22 e 36 no curso 2020.2021. Isto débese a que moitos docentes completaron a súa formación sobre a nova plataforma de teledocencia da Universidade de Vigo, Moovi, empregada durante a pandemia e na actualidade. A mobilidade internacional docente tamén está a padecer as consecuencias da pandemia (2 docentes do curso 20-21), aínda que se rexistra unha lixeira melloría: 10 docentes no curso 21-22, 6 no 22-23.

A media de estudantes por grupo queda recollida na PDA e, no caso do grao de tradución o número de estudantes por grupo depende moito da combinación lingüística; tamén hai que ter en conta que ao facer esta media non se contabilizan os estudantes Erasmus que se reciben no grao. Como acción de mellora lévase proponendo desde o curso 18-19 que dende o Decanato se solicite este cambio nos criterios de elaboración da PDA, aínda que estes mantiveronse do mesmo xeito. No curso 21-22 cerrouse como mellora do centro non acadada.

No curso 15-16 o 88% do profesorado foi avaliado polo programa DOCENTIA (37 docentes); no curso 2017-18 presentáronse 8 solicitudes que foron avaliadas positivamente, non temos datos dos cursos 18-19 e 19-20. En 2021 presentáronse 2 solicitudes, 10 en 2021-2022 e 8 en 2022-2023.

Por outra banda, o título conta con personal de apoio dabondo e cualificación axeitada (administrativo, personal de secretaria de alumnado, conserxes, bolseiros de informática, bolseiros de colaboración no departamento). A porcentaxe de PAS en formación é do 67,16% (dato global do centro FFT), moito máis alto que en cursos anteriores (21,43% en 2021-2022, 43,32% en 2020-2021). Un dos ítems mellor valorados polo alumnado é o ítem 12 'A axuda recibida do persoal de administración e servizos do centro' entre o discente das combinacións español-francés (4,33), galego-inglés (cun 4) e polo profesorado das combinacións es-fr (4,21) e es-en (4,75) .

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)

I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

I02-PE: Cualificación do PDI

I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)

I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

Todos os anos o Decanato destina parte do orzamento da facultade a mellorar as instalacións do centro, tanto coa adquisición de novos recursos como co mantemento dos recursos existentes, polo que a FFT posúe unhas instalacións axeitadas para o bo desenvolvemento da docencia. Desde 2008, ano no que se aproba a memoria do título, a facultade inviste na dotación de aulas de informática (1 aula) e de videoconferencia (1 aula). Habilitáronse tamén novas aulas para grupos pequenos de alumnado que melloran o contexto de impartición dos contidos das materias. Desde 2012-13 o centro conta cun novo laboratorio de interpretación no pavillón Newton con 20 postos, a aula A8 modificouse para impartir seminarios agora conta con mesas máis axeitadas, a aula de libre acceso foi trasladada a unha mellor ubicación, fixéronse melloras relacionadas coa accesibilidade (reformas nos accesos aos pavillóns, ascensor, programa de refalado para estudantes con discapacidade motora) e creouse o laboratorio de fonética e fonoloxía. No curso 2021-22 habilitase un novo espazo concebido como o laboratorio de dobraxe.

Os fondos da biblioteca da Facultade de Filoloxía e Tradución son os axeitados para fornecer á comunidade docente e discente desta titulación. A súa consulta virtual ven de ser mellorada xusto ao final do ano 2022 e está ao dispor dos membros da FFT, trátase do novo Perseo: https://perseo.uvigo.gal/discovery/search?vid=34CISUG_UVIGO:VU1&lang=es

A versión web do catálogo da biblioteca anterior deixa de estar operativa a partires do 1 de marzo de 2023. Hai outras ligazóns de interese ao respecto do servizo de biblioteca como: <https://www.uvigo.gal/es/universidad/biblioteca/bibliotecas>, <http://www.blogdabiblio.es/>, <https://www.pinterest.es/CenUVIGO/>

No curso 2021-22 a plataforma de teledocencia Fatic foi definitivamente substituída pola plataforma Moodle, Moovi e no 2022-2023 case a práctica totalidade do profesorado fai uso desta ferramenta de apoio á docencia. A facultade tamén fai un uso maior dos blogs, páxinas web e do repositorio de videoconferencias da Uvigo TV. Entre os ítems mellor valorados neste epígrafe e entre os estudantes destacan o ítem 14 ‘os laboratorios, obradoiros e espazos experimentais, e o seu equipamento’ (es-en, 3,67) e o ítem 16 ‘as plataformas de teledocencia e a s ferramentas multimedia’ (es-fr, 4,25) e, entre o profesorado, o ítem 14 (es-en 4,50) e o 16 (es-fr 4,32; es-en 4,50). As persoas tituladas na combinación lingüística es-en tamén puntúan positivamente o ítem 13 “as aula e laboratorios” 4,00).

O cadro de persoal do centro mantén un conxunto de actividades de acollida de alumnado e orientación académica:

-O 5 de setembro de 2022 celebrouse a Xornada de acollida para estudantes de novo ingreso no grao T&I.
 -PAT: no curso 16-17 aprobouse un cambio na organización do PAT; pasouse dun grupo elevado de titores PAT por curso e combinación a ter unicamente dous: un para 1º e 3º e outro para 2º e 4º. O obxectivo era, fundamentalmente, fomentar a participación do alumnado ao ter unicamente unha persoa como referencia e reducir a carga das coordinacións. Este novo sistema púxose en marcha no curso 17-18. Nas enquisas de satisfacción dos cursos seguintes, este é un dos ítems peor valorados («a orientación recibida no PAT»). No 18-19, o grado de satisfacción do alumnado co PAT é 2,38 (2 na combinación fr-es, 2,2 en-es e 2,8 en-gal); no curso 19-20, o dato para este ítem é 2,65 (2,86 na combinación fr-es; 2,71 na combinación en-es e 2,38 na combinación en-gal). A satisfacción mellora un pouco con relación ao curso anterior, pero non é unha mellora sustancial. Este dato marcouse como punto feble e propúxose como obxectivo o seguimento deste aspecto no curso 18-19, 19-20. No 20-21 o grao de satisfacción deste ítem é 2 (estudantado en-gal), 2,50 (estudantado en-es). Volveuse a marcar este ítem e, de repetirse no GTI e advertirse esta tendencia noutros grados da FFT, cumpriría modificar o sistema e reflexionar no centro sobre se é mellor voltar ao sistema de PAT formado por un número maior de titores ou que a coordinación do grao asuma esa función, dado que en moitas ocasións xa a leva a cabo.

No curso 2021-22 a satisfacción co PAT baixo o ítem 6 ‘a orientación académica recibida no plan de acción tutorial’ volve a ser un dos epígrafes peor valorados (es-fr, 1,5; es-en, 2) pero cómpre ter en conta que na combinación de español-francés só responderon 4 participantes de 85 estudantes matriculados, o que constitúe un 17% e na combinación español-inglés só responderon 4 persoas de 222 persoas matriculadas, o que representa un 10% (a Secretaría do centro proporcionou o número de persoas matriculadas no curso 2021-22),

polo tanto non se pode considerar como un punto feble da titulación. Para o vindeiro curso 22-23, tómasse como medida que a coordinación tamén sexa a encargada do Plan de Acción Titorial.

No curso 22-23 a satisfacción co ítem 6 (a orientación académica programada no Plan de Acción Titorial) é 2,33 na combinación es-fr, 3,00 na combinación es-en e 2,75 na combinación gal-en.

Asimesmo, temos en funcionamento o «Plano de captación de estudantes da FFT», revisado e aprobado para cada curso, que está dirixido ao alumnado de novo ingreso tanto de graos como tamén de mestrados. Os obxectivos principais para os graos son:

1. Proporcionar información ao alumnado sobre as titulacións que se imparten no centro.
2. Mostrarlles aos futuros estudantes as actividades e instalacións do centro (visitas guiadas na propia facultade para alumnos de institutos e desprazamento de profesorado do centro a institutos para falar das titulacións; gravación por parte do SIE de pequenos vídeos nos que participan os coordinadores dos graos e alumnos para enviar aos institutos, feira de titulacións, etc.).

O grao en Tradución e Interpretación ten unha materia de prácticas optativa (cuarto curso, 2º cuatrimestre, 6 créditos): <http://fft.uvigo.es/gl/alumnado/practic-as-externas>.

No curso 22/23 ofertáronse (e asignáronse, porque este foi o número de estudantes matriculados/as) 67 prazas en destinos de diferente natureza: 38 en institucións, 24 en empresas e 5 con tradutores autónomos. Como titores académicos houbo 17 profesores do grao voluntarios, a pesar do escaso recoñecemento polo seu traballo que obteñen (sobre unha hora de desconto docente por estudante partindo da bolsa de horas que ten o centro); cómpre indicar que o curso anterior (21/22) había 19 docentes voluntarios e no curso 22/23 dous deles comunicaron que non seguirían titorizando prácticas polo escaso recoñecemento deste labor.

Desde a implantación da materia adoptáronse unha serie de medidas tendentes a mellorar a súa xestión/condicións e, no curso 2022/23, son as seguintes:

-Revisión dos destinos que colaboran para comprobar se, efectivamente, fan unha avaliación formativa (*feedback* sobre o traballo do alumno/a, axeitado volume de traballo, adecuada secuenciación); se non é así, alertámoslos deste particular e, se non hai emenda no seguinte curso, suspendemos a nosa colaboración con eles.

-Limitación de 2 prazas por destino (120 horas por cada alumno/a) para evitar que as prácticas sexan traballo en precario (insistimos sempre aos titores/as que velen para que os destinos se axusten a estas condicións).

-Solicitude aos destinos que, na medida do posible, dean visibilidade ao alumnado (ex: que o seu nome apareza nos créditos no caso das traducións audiovisuais ou nas páxinas web traducidas ou nas traducións literarias, etc. seguido da indicación de «alumno/a en prácticas da Universidade de Vigo»).

-Solicitude ao Consello Social do programa PRACTICUM de axuda para a organización de prácticas. A cantidade concedida durante o curso 2022/23 dedicouse ao pago de revisores para prácticas de tradución inversa (as que o alumnado realiza dende a lingua propia á lingua estranxeira).

-Se partimos das memorias de prácticas, hai unha satisfacción media-alta cos destinos de prácticas; porén, a moitos gustaríalles unha maior implicación dos destinos (máis atención por parte da empresa, correccións polo miúdo do seu traballo...). Isto é algo que se repite todos os cursos e tanto dende a coordinación xeral como dende os titores/as de cada práctica insistimos sempre cos destinos para ver se hai maneira de mellorar este aspecto pero parece que non se observan cambios. En calquera caso, é bastante comprensible se temos en conta que en moitos casos o alumnado é máis unha pexa que unha axuda para o destino (facer as correccións consume tempo e se os estudantes non son especialmente brillantes adoita haber moito traballo de corrección e mesmo de supervisión continuada: poden non cumprir prazos de entrega etc.).

O grao de satisfacción do alumnado coas prácticas académicas externas aumentou nos últimos anos: curso 20/21: 3,07; curso 21/22: 4,13; curso 22/23: 4,18.

O grao de satisfacción do alumnado co criterio recursos materiais e servizos é do 3,38 es-fr (3,27 no curso anterior 21-22), 3,43 es-en (2,81 no curso anterior 21-22) e 3,13 gal-en (2,50 no curso anterior 21-22). Isto representa unha subida ao respecto dos resultados obtidos no curso 20-21. No caso do profesorado as cifras son tamén moi positivas: 4,19 es-fr, 4,37 es-en e 4,39 gal-en. Pola parte das persoas tituladas es-fr puntúa este criterio cun 3,67 (3,50 no 21-22), es-en cun 3,58 (3,13 en 21-22) e gal-en cun 3,17 (non temos datos do 21-22). Estes resultados mostran que o grao de satisfacción é positivo en todos os grupos de interese.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E18: Información sobre os recursos materiais directamente relacionados co título

E19: Información sobre os servizos de orientación académica e programas de acollida-PAT

E20: Listaxe dos centros/entidades para a realización de prácticas externas curriculares e Extracurriculares.

E21: Fondos bibliográficos e outros recursos documentais relacionados coa temática do título

E22: Materiais didácticos e/ou tecnolóxicos que permiten unha aprendizaxe a distancia

E23: Convenios en vigor coas entidades onde se realizan as prácticas externas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a tódolos grupos de interese sobre os recursos materiais e servizos

I08-D0: Grao de satisfacción coas prácticas académicas externas

I11: Nº de alumnado por centro de prácticas.

I15: Media de alumnado por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)

CRITERIO 6. RESULTADOS DE APRENDIZAXE

Estándar: Os resultados de aprendizaxe acadados polos/as titulados/as son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES da titulación.

Analizar os resultados da aprendizaxe acadados polos/as estudantes e se son coherentes co perfil de egreso e se corresponden co nivel del MECES del título.

A coordinación do grao fai unha revisión polo miúdo de tódalas guías docentes da titulación (evidencia E4), prestando especial interese a contidos e sistemas de avaliación. Cando detecta algún desaxuste reúnese co profesorado encargado para introducir determinados cambios. Todo este proceso é controlado, finalmente, polo Vicedecanato de Calidade e a xunta de centro, responsable da aprobación das guías.

O grao de satisfacción do estudantado cos resultados de aprendizaxe no curso 2022-2023 é 2,14 es-fr (3 no curso 21-22), 3,25 es-en (2,63 en 21-22) e 3,50 en gal-en (1,00 en 21-22). Polo tanto, salvo na combinación es-en, que diminuíu lixeiramente, nas outras dúas obtemos unha melloría ao respecto dos resultados do curso anterior. Pola parte do profesorado, os resultados son positivos en todas as combinacións: 3,92 es-fr, 3,57 es-en e 4,60 gal-en. Entre os titulados obtemos unha melloría nas combinacións de es-fr e es-en: 3,80 es-fr (3,75 en 21-22), 4 es-en (3,81 en 21-22) e 2,88 en gal-en (non temos datos de 21-22).

O grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado é 4,09 (non temos datos de 21-22; en 20-21 a media das cifras desagregadas neste ítem é 4,1: es-fr, 4,25; es-en, 4,16; gal-fr, 3,98 e gal-en, 4,09). A taxa de éxito global do título é do 92%, o que é superior á taxa do curso 2021-22 (80%) e acada a meta establecida do 80%.

No curso 22/23 non acadaron a taxa de éxito do 80% as seguintes materias:

Idioma moderno: Idioma 1, I: inglés 73,63% (61,86% en 21-22)

Lingua A: Lingua A1, I: expresión escrita e oral galego 64%
 Idioma moderno: Idioma 2, II. Inglés 77,78%
 Tradución idioma 2, III: alemán-galego 75% (20,00% en 21-22)
 Tradución idioma 2, I portugués-español 66,67%
 Tradución idioma 1, I: inglés-galego 78,13% (71,43% en 21-22)
 Idioma 2, III inglés 50%
 Idioma 2, III alemán 75%
 Idioma moderno: Idioma 1,IV: inglés 66,29% (79,17% en 21-22)
 Idioma 2, IV: inglés 37% (75,00% en 21-22)
 Tradución económica idioma 1: inglés-galego 73,68% (71,43% en 21-22)

En total 11 materias fronte ás 18 do curso 21-22. Nas 6 que coinciden co curso anterior, os resultados son lixeiramente mellores este curso.

No curso 2022-23, na materia Traballo de fin de grao había 678 créditos matriculados, dos que se presentaron 390. A taxa de éxito foi do 100% e a taxa de avaliación e de rendemento coinciden: 57,52%.

Puntos febles detectados:

Accións de mellora a implantar:

Evidencias nas que se se baseou a valoración:

E4: Guías docentes das materias
 E24: Listaxe de traballos fin de grao/ fin de mestrado (título,tutor e calificación)
 E25/: Informes de cualificación por materia
 EA11: Informes de prácticas

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese-Análisis xeral de resultados de todas as enquisas de satisfacción
 I12: Indicadores de resultados (taxa de éxito global do título e taxa de éxito por materia)

CRITERIO 7. RESULTADOS DE SATISFACIÓN E RENDEMENTO

Estándar: Os resultados dos indicadores do programa formativo son congruentes co deseño, a xestión e os recursos postos ao dispor do título e satisfán as demandas sociais da súa contorna.

Analizar os principais datos e resultados do título e valorar a evolución dun núcleo de indicadores mínimo. Comprobar se os resultados se adecúan ás previsións e características do título.

A evolución de estudantes de novo ingreso, que aumentou desde o curso 2018-19 (105); 2019-20 (111); 2020-21 (128) e 2021-22 (129), cae no curso académico 22-23 a 93 estudantes. A taxa de abandono, que ascendera no curso 21-22 ao 22,81%, baixou ata situarse no 16,07%.

Os indicadores do título acadan as metas e obxectivos asociados:

Taxa de eficiencia: 92,50% mantendo a meta de calidade cun lixeiro ascenso ao respecto do curso anterior (90% en 21-22).

Taxa de rendemento: 85% tamén dentro da meta proposta e superior á taxa do curso anterior 21-22 (80%).

Taxa de éxito: 92%, amosando unha subida considerable ao respecto da taxa do curso 21-22 (80%).

A duración media dos estudos, 4,8, cumpre coa meta de calidade de 4-5 anos e mellora o do curso pasado (4,95 en 21-22).

Acádase a meta de calidade asociada á taxa de graduación (50%) cun 55%, dato inferior a cursos anteriores (65,81% en 21-22, 61,42% en 20-21 e 63,03% en 19-20). O estudiantado no seu cuarto curso céntrase no resto de materias e unha boa parte matricúlase no seguinte para rematar o seu TFG, o que coincide coa cifra de 4,8 de duración media dos estudos.

Puntos febles detectados: Cae a cifra de estudantes de novo ingreso.	Accións de mellora a implantar: Valorar a posibilidade de reducir o número de prazas de novo ingreso.
Evidencias nas que se baseou a valoración: E9: Plans de mellora derivados da implantación do SGC	
Indicadores: I1: Evolución do número de estudantes de novo ingreso por curso académico I12: Evolución dos indicadores de resultados □ Tasa de graduación □ Tasa de abandono □ Tasa de eficiencia □ Tasa de rendimento □ Tasa de éxito □ Tasa de avaliación (distinguir entre alumnado a tempo completo e a tempo parcial) I13: Relación de oferta/demanda das prazas de novo ingreso I14/I016-D0: Resultados de inserción laboral/Tempo medio para atopar empresa I010-DO: Duración media dos estudos	

III.3. Seguimento da titulación: MÁSTER EN TRADUCIÓN MULTIMEDIA

CRITERIO 1. ORGANIZACIÓN E DESENVOLVEMENTO

Estándar: o programa formativo está actualizado e tense implantado de acordo ás condicións establecidas na memoria verificada.

Analizar e valorar se o desenvolvemento do plan de estudos se realizou conforme á memoria verificada e non se produciron incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias por parte do alumnado.

O plan de estudos desenvolveuse segundo a memoria verificada (evidencias E1 e E2), sen incidencias graves, o que permitiu unha correcta adquisición das competencias polos estudantes, como demostran as taxas de éxito (99%) e de eficiencia (97,35%), que están moi por enriba dos valores establecidos como metas de calidade para a titulación, especialmente a de éxito, fixada nun 80%.

O perfil formativo do título mantén a súa relevancia, pero hai aspectos que cómpre modificar para atender as demandas do alumnado potenciar os perfís profesionais máis actuais. As materias (guías docentes, en evidencia E4) combinan a formación teórica e práctica do ámbito multimedia, valorándose o bloque de organización e desenvolvemento na enquisa de satisfacción cun 3,92, que está dentro do establecido como meta de calidade, e por enriba dos niveis acadados en cursos anteriores (3 en 2021-22, 3,67 en 2020-21 e 3,81 en 2019-20). En particular, o alumnado parece estar insatisfeito coa distribución das materias por cuatrimestres, pois é un dos ítems peor valorados, xunto co equipamento das aulas e a atención ás queixas. Este último epígrafe foi valorado cun 3,33 polo alumnado, mais non se recibiron queixas durante o curso 2022-23.

O grao de satisfacción coas prácticas sobe no curso 2022-23 a un 4, fronte aos cursos anteriores. Por outra banda, o alumnado está satisfeito cos horarios, o calendario, deseñado para estudos semipresenciais, e as plataformas de teledocencia e ferramentas multimedia, polo que consideramos que, neste aspecto, o máster está preparado para afrontar o cambio á modalidade virtual proposto para o curso 2024-25.

En canto á satisfacción das persoas tituladas, no curso 2022-23 superouse por primeira vez a meta de calidade establecida, con un 4,30 sobre 5, subindo dentre o 2,83 do curso 2020-21 a o 3,02 do 2021-22. É unha suba substancial que valoramos moi positivamente, e esperamos mantermos por riba da meta do 3.5 sobre 5 coas modificacións introducidas na titulación.

No perfil de ingreso contamos con 28 graduados superiores, entre os que figura unha persoa con estudos realizados no estranxeiro cunha nota media de acceso de 7,25, que está dentro do rango establecido como meta de calidade.

No que respecta á meta de calidade de ocupación (70-80 %), no curso 22-23 logrouse un 93,33% de ocupación, algo inferior á dos cursos 21-22, 20-21 e 19-20, pero moi por enriba da meta establecida. Xa que logo, seguiranse empregando todos os prazos de inscrición habilitados e manteranse os esforzos que se veñen facendo co “Plano de promoción e captación de estudantes da Facultade de Filoloxía e Tradución da Universidade de Vigo”, que se implantou no centro o curso 2011-12 (ver criterio 5), para manter este excelente resultado.

O mestrado ten tamén mecanismos axeitados e accesibles de información previa á matriculación. As condicións de matriculación, o perfil de ingreso e o programa formativo do título están accesibles na páxina web da Universidade (<https://www.uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/matriculate>), e na páxina web da facultade (<http://fft.uvigo.es/es/estudios/estudios-de-master/>). Con todo, a web do máster non é doada de consultar para o estudantado e, por iso, estase a traballar nunha nova web que se habilitará de cara á matrícula do curso 2024-25. O título axéitase, no que atinxe aos requisitos de acceso e admisión, ao establecido no RD 861/2010 (<http://www.boe.es/buscar/doc.php?id=BOE-A-2010-10542>), e as vías e requisitos de acceso ao título e tamén o perfil de ingreso recomendado atópanse de xeito público e de fácil acceso na memoria do título (E1, apartado “4-Acceso e admisión de estudantes”, pp. 17-22).

No curso 22-23, non se recibiu ningunha solicitude de recoñecemento de créditos por parte do alumnado.

Ao respecto da mobilidade do alumnado, no “Informe de autoavaliación para a renovación da acreditación do mestrado” (22/11/2015), analizábase a mobilidade dende o primeiro curso de implantación (2010-11) e explicábase que a alta demanda de prazas de "contexto propio" dificultaba que se puideran reservar prazas para outras universidades ou programas de mestrado, xa que non tiñamos dabondo para as nosas necesidades.

Aínda que o “Informe final de avaliación para la renovación de la acreditación” do mestrado da ACSUG (Id-MEC: 4312437, expediente nº: 3386/2010) de 24/10/2016 (http://multitrad.webs.uvigo.es/sites/default/files/u13/if-ra-m-traducccion_multimedia_uvi.pdf) non facía mención ningunha á mobilidade do estudantado, no apartado “Dimensión 2: Recursos. Criterio 4: Recursos humanos”, si facía referencia ao feito de que [sic] “La participación del profesorado en programas de movilidad es escasa. Esto se justifica parcialmente por la naturaleza profesionalizante del máster, en cualquier caso, se recomienda promover la participación del profesorado en los programas de movilidad docente internacional, en la medida que lo permitan las obligaciones docentes”. No que respecta ao profesorado, consideramos que pola natureza profesionalizante do mestrado, pola “intensificación” docente do profesorado e pola propia organización e medios económicos do mestrado, é moi difícil a participación do profesorado en programas de mobilidade (entrante ou saínte).

As características do mestrado non aconsellan promover a mobilidade do estudantado.

Puntos febles detectados:

- Participación mellorable de alumnado e profesorado nas enquisas de satisfacción.
- Insatisfacción coa estrutura da información na web propia da máster.

Accións de mellora a implantar:

- Adopción de medidas por parte da coordinación do mestrado para fomentar a participación do alumnado e do profesorado do máster nas enquisas de satisfacción da titulación.

	<ul style="list-style-type: none"> - Transmitirle a área de calidade a necesidade de fomentar a participación das persoas tituladas nas enquisas de satisfacción para lograr resultados que se poidan considerar significativos. - Propor un redeseño da web do mestrado, mellorando a arquitectura da información e a intuitividade da interface, e enriquecéndoa con recursos multimedia que fagan máis atractiva e didáctica a procura e o acceso á información relevante.
<p>Evidencias nas que basea a valoración:</p> <p>E1: Memoria vixente do título E2: Informes de verificación, modificación, seguimento e renovación da acreditación do título, incluíndo os plans de mellora E3: Perfil de ingreso do alumnado(graio) E4: Guías docentes (actividades formativas, metodoloxías docentes e sistemas de avaliación, por materia e curso académico) E5: Actas das reunións da Comisión Académica /Comisión de Titulación/Comisión de Garantía de Calidade E6: Listaxe de estudantes que solicitaron recoñecemento de créditos indicando o número de créditos recoñecidos (por prácticas, títulos propios, experiencia profesional, etc.). QSP relacionadas coa organización e desenvolvemento da ensinanza</p>	
<p>Indicadores nos que se basea a valoración:</p> <p>I1/I04-AC: Matrícula de novo ingreso por prescrición I2: No caso de mestrado, número de estudantes de novo ingreso por titulación de procedencia I3/I09-DO: Indicadores de mobilidade (número de estudantes que participan en programas de mobilidade, relación entre estudantes que participan en programas de mobilidade e estudantes matriculados,...) I09(2)-DO: Estudantes estranxeiros I4/I05-DO/ I06-DO/ I07-DO/ I08-DO: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a organización e desenvolvemento da ensinanza. I01-AC: Nota media de acceso I01(2)-AC: Nota mínima de acceso I02-AC: Ocupación I03-AC: Preferencia I03(2)-AC: Adecuación</p>	

CRITERIO 2. INFORMACIÓN E TRANSPARENCIA

Estándar: A institución dispón de mecanismos para comunicar de maneira axeitada a todos os grupos de interese as características do programa e dos procesos que garantan a súa calidade.

Analizar e valorar se a información relevante sobre o título é pública e se atopa dispoñible, en tempo e forma, para todos os axentes implicados no mesmo (estudantes, empregadores/as, administracións educativas e outros grupos de intereses).

As páxinas web da universidade (<https://www.uvigo.gal/estudar/que-estudar/mestrados/master-universitario-traducion-multimedia-v01m079v01>), do centro (<http://fft.uvigo.es/gl/estudios/estudios-de-master/>) e do propio mestrado (<http://multitrad.webs.uvigo.es>) seguen sendo os eixos centrais na difusión de información do Máster Universitario en Tradución Multimedia. Mantéñense como referencia para o acceso a información de calidade, transparente e actualizada sobre todos os aspectos do título. Ademais, a nivel estritamente docente, o mestrado conta cun espazo de coordinación no MooVi; ao cal teñen acceso o profesorado e o alumnado do mestrado e

desde o cal a Coordinación do mestrado proporciona información diversa de relevancia para docentes e discentes. Por último, lembrar que en cada materia MooVi do mestrado o persoal docente proporciona información diversa ao alumnado a través dos diferentes foros creados ex profeso, a través da mensaxería do propio MooVi e a través do correo electrónico.

No espazo web da titulación (<http://multitrad.webs.uvigo.es>) mantívose a estrutura do menú de navegación, permitindo o acceso directo e intuitivo a seccións como a información xeral, a descrición do programa, admisión/bolsas, o corpo docente, as FAQ e as opinións do alumnado xa egresado. A sección de “información xeral” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/node/1>) segue ofrecendo unha panorámica completa da proposta educativa, os obxectivos e competencias que se pretenden alcanzar. Ademais, no apartado “descrición do programa” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/node/2>), preséntase a planificación detallada das ensinanzas, a súa estrutura e distribución temporal, así como o calendario e horario do curso académico actualizado.

En canto á sección de “admisión/bolsas” (dispoñible en <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/admision-becas>), detállanse os criterios de selección e os perfís de ingreso. O proceso de matriculación e os requisitos de acceso están claramente definidos, proporcionando transparencia no proceso de admisión. Para mellorar a orientación do futuro estudiantado e facilitar a transferencia e recoñecemento de créditos, dispóñese tamén de formularios e guías para a solicitude de información ou admisión, que poden ser enviados directamente á coordinación do mestrado ou á Secretaría de Alumnado da Facultade de Filoloxía e Tradución (<http://fft.uvigo.es/gl/estudos/estudos-de-master/>).

O apartado de “profesorado” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/node/3>) foi actualizado para reflectir calquera cambio no corpo docente, asegurando que toda a información profesional e académica do persoal docente sexa accesible e estea ao día. No apartado de “FAQ” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/content/faq-frequently-asked-questions-o-preguntas-mas-frecuentes>), seguíronse engadindo e actualizando preguntas e respostas para responder ás dúbidas máis frecuentes do estudiantado.

As seccións de “opinións” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/opinions>) e “ligazóns de interese” (<https://multitrad.webs.uvigo.es/content/enlaces-de-interes>) tamén foron actualizadas para reflectir as valoracións máis recentes do alumnado egresado e para facilitar o acceso a recursos complementarios que poden ser de utilidade tanto para o alumnado actual como para o potencial.

Nas enquisas de satisfacción coa titulación 2022/23, os datos de satisfacción xeral co criterio de “información e transparencia” por parte do alumnado, do profesorado e das persoas tituladas foron os seguintes:

- *Alumnado.* O grao de satisfacción do alumnado co criterio de “información e transparencia” no curso 2022/23 foi de 3,62, o que indica unha mellora significativa en comparación co 2,38 do curso 2021/22. Esta tendencia á alza tamén se observa en comparación cos cursos anteriores, onde os datos foron de 3,60 no curso 2020/21, 3,52 no curso 2019/20, e 3,00 no curso 2018/19. Aínda así, paradoxicamente, este ítem ou epígrafe foi o segundo peor valorado dos 6 ítems especificados no informe, dentro da satisfacción xeral do curso por parte do alumnado, que foi de 3,79. A participación do alumnado na enquisa foi do 32%.
- *Profesorado.* No caso do profesorado, os datos de satisfacción do profesorado co criterio de “información e transparencia” foi de 4,25 no curso 2022/23. Debido á natureza bianual da enquisa, non dispoñemos de datos do curso pasado 2021/22, mentres que no curso 2021/21 foi de 4,77. Se ben a valoración diminuíu ao respecto no último valor dispoñible, aínda así, en contraposición co sucedido co alumnado, no curso 2022/23 o ítem ou epígrafe da “información e transparencia” foi o segundo mellor valorado dos 6 ítems especificados no informe, dentro da satisfacción xeral do curso por parte do profesorado que foi de 4,61. A participación do profesorado na enquisa foi do 53 %.
- *Persoas tituladas.* No entanto, no que respecta ás persoas tituladas, observamos que a satisfacción co criterio de “información e transparencia” aumentou considerablemente ata 4,25, contrastando cos 3,67 do curso 2021/22, que xa marcaban un aumento desde os 2,67 do curso 2020/21. Aínda así, o ítem ou epígrafe da “información e transparencia” foi o terceiro peor valorado, dos 6 ítems especificados no informe, dentro da satisfacción xeral do curso por parte das persoas tituladas que foi de 4,30. A participación das persoas tituladas na enquisa foi do 14 %.

Resulta sorprendente (mesmo paradóxico) que, mentres o grao de satisfacción co criterio de “información e transparencia” aumentou considerablemente nos tres grupos considerados (alumnado, profesorado e persoas tituladas) ao respecto dos cursos anteriores, en xeral; no caso do alumnado e das persoas tituladas este ítem ou epígrafe foi dos peor valorados, mentres no caso do profesorado foi dos mellor valorados. Para abordar os posibles factores que influíron nesta variación dos datos, continúaase a considerar a importancia da participación nas enquisas; e mantense a reflexión sobre a posible confusión na interpretación das preguntas da enquisa por parte do alumnado e das persoas tituladas, especialmente relacionadas co uso e utilidade da páxina web.

- En canto á *participación nas enquisas*, os valores de participación aumentaron nos tres grupos referenciados: alumnado (32 % no 2022/23, 30 % no 2021/22 e 15,63 % no 2020/21), profesorado (53 % no 2022/23, sen datos no 2022/22 e 40 % no 2020/21) e persoas tituladas (14 % no 2022/23, 13 % no 2021/22 e 9% no 2020/21). Na realización de enquisas académicas, non existe unha porcentaxe fixa que determine a representatividade dos resultados, xa que depende de cada contexto e dos criterios da institución educativa. Aínda así, un índice de participación do 50% pode considerarse positivo, xa que supón que metade do colectivo obxecto de estudo participou, proporcionando así unha mostra bastante ampla das opinións e experiencias do grupo. Con todo, o ideal sería alcanzar unha taxa de participación o máis alta posible, aproximándose ao 100%, para reflectir con maior precisión a realidade do conxunto. Con todo, acadar porcentaxes de participación moi elevadas pode resultar complicado na práctica, e moitas veces establécense taxas máis baixas como aceptables, sempre que se analicen os datos coidadosamente para minimizar posibles nesgos.

Deste xeito, ao respecto da participación, no curso 2022/23, insístiuse en incrementar a participación, en xeral, para obter resultados máis representativos. Aínda que non se observou unha baixa participación similar á do curso 2021/22 e constátase unha progresiva melloría, a coordinación segue a enfatizar na necesidade de aumentar o número de participantes nas enquisas para fortalecer a validez dos resultados.

- En canto á mantense a *reflexión sobre a posible confusión na interpretación das preguntas da enquisa* por parte do alumnado e das persoas tituladas, especialmente relacionadas co uso e utilidade da páxina web; continúaase traballando para clarificar as instrucións e mellorar a comunicación da finalidade de cada sección da páxina web. Por exemplo, a sección de “FAQ” na páxina (<https://multitrad.webs.uvigo.es/content/faq-frequently-asked-questions-o-preguntas-mas-frecuentes>) actualizouse para incluír información máis detallada que poida axudar a resolver as dúbidas específicas que o alumnado ten con respecto aos contidos e recursos dispoñibles.

Segundo as observacións realizadas e as suxestións recollidas, iniciouse tamén un proceso de revisión do deseño e da estrutura da web do mestrado coa finalidade de facela máis intuitiva e accesible. A integración de comentarios e opinións específicos do alumnado e do profesorado está a contribuír na creación dunha experiencia de usuario máis satisfactoria, asegurando que os contidos importantes sexan facilmente accesibles e que a información proporcionada sexa relevante e clara. Para o curso 2022/23 solicitamos a revisión da titulación, polo que esperamos que para o curso 2024/25 xa a poidamos implementar. De ser o caso, a nosa intención é actualizar a web do mestrado para adaptala ás novas materias e contidos e facela máis dinámica, visual e con máis contido multimedia.

Na nosa procura constante por mellorar a experiencia informativa do noso estudantado, profesorado e alumnado egresado, comprometémonos a seguir escoitando as súas necesidades e a adaptarnos para proporcionar información transparente e accesible que contribúa a unha educación de calidade.

As principais actividades levadas a cabo no curso 2022/23 e anunciadas na web do mestrado e no espazo de coordinación do mestrado do MooVi, por orde cronolóxica inversa (a data indicada é a data de inclusión na web do mestrado, de ser o caso; ou a data de inicio da actividade, en caso contrario), foron:

- 1) 2023/03/06. “Planificación horaria da docencia presencial do segundo cuadrimestre”. Foi incluída no espazo de coordinación do mestrado do MooVi.
- 2) 2022/11/10. “Conferencia: Perspectivas da tradución e da interpretación na actualidade. Que cambiou?": <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/perspectivas-de-la-traducion-y-de-la-interpretacion-en-la-actualidad-que-ha-cambiado> Dentro das actividades enmarcadas na semana de docencia presencial do primeiro cuadrimestre, o 10/11/2022 o profesor e investigador Carlos Rodríguez, da Universidade Federal

de Santa Catarina (Brasil), impartiu a cdevandita conferencia na aula B9 da FFT. Foi retransmitida a través do Campus Remoto, grabada e subida ao Espazo de Coordinación do mestrado do MooVi para poder ser visualizada de maneira asíncrona.

- 3) 2022/11/10. “Visita presencial guiada ó estudio de dobraxe Cinema Iberolusa (<http://www.iberolusa.com/>) de Vigo”. Actividade na cal o alumnado do mestrado puido ver todo o proceso, ritmo de traballo e interacción de todo o persoal que traballaba no devandito estudo de dobraxe. <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/visita-un-estudio-de-doblaje-0>
- 4) 2022/11/07. “Planificación horaria da docencia presencial do primeiro cuadrimestre”. Foi incluída no espazo de coordinación do mestrado do MooVi.
- 5) 2022/09/19. “Acto inaugural do curso 2022/23 (programa definitivo)”: <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/acto-inaugural-del-curso-2022-23> As diferentes actividades de presentación dos diversos módulos e das materias do primeiro cuadrimestre do mestrado leváronse a cabo de maneira presencial, transmitíronse (sempre que foi posible) de maneira virtual síncrona a través do Campus Remoto da UVigo e graváronse (as que puideron ser transmitidas a través do Campus Remoto) para a súa consulta posterior de maneira asíncrona no espazo de coordinación do mestrado do MooVi. Neste apartado inclúese tamén a “Conferencia inaugural: ‘Accesibilidade audiovisual: Unha maneira de comunicarse’, por parte de Fidel Manrique”.
- 6) 2022/09/06. “Calendario e horario do curso académico 2022/23”: <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/calendario-academico-mtm-2022-23> (onde se describen xa os períodos de docencia presencial). Está tamén incluído no espazo de coordinación do mestrado do MooVi.
- 7) 2022/08/24. “Calendario de preinscripción e matrícula para o curso 2022-23: <https://multitrad.webs.uvigo.es/content/calendario-de-preinscripcion-y-matricula-para-el-curso-2022-23> Onde se da información sobre as características, os requisitos de admisión e o calendario de preinscripción e matrícula para o curso 2022/23.

Puntos febles detectados:

- Detectouse que a páxina web do mestrado require unha mellora nos contidos e na presentación. Actualmente, a navegabilidade e a interacción do usuario coa plataforma non son completamente intuitivas, o que dificulta o acceso eficiente á información. Ademais, hai unha necesidade de actualizar e ampliar os recursos multimedia para facer a web máis atractiva e didáctica, mellorando así a experiencia xeral do usuario e facilitando a comprensión do programa académico e dos procedementos administrativos.

Accións de mellora a implantar:

- Propor un redeseño da web do mestrado, mellorando a arquitectura da información e a intuitividade da interface, e enriquecéndoa con recursos multimedia que fagan máis atractiva e didáctica a procura e o acceso á información relevante.

Evidencias nas que se baseou a valoración:

E6: Páxina web do título/centro/universidade (información referida ao anexo II)
 R1- DO0301P1: Plan operativo de información pública
 QSP relacionadas coa transparencia e/ou información pública

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción aos diferentes grupos de interese sobre a satisfacción coa web e/ou a información pública.

CRITERIO 3. SISTEMA DE GARANTÍA DE CALIDADE

<p>Estándar: A institución dispón dun sistema interno de garantía da calidade formalmente establecido e implementado que asegura, de xeito eficaz, a mellora continua da titulación.</p> <p>Analizar a implantación do Sistema de Garantía de Calidade (SGC) e valorar a súa contribución á mellora continua do título.</p>	
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>Como o Sistema de Calidade de Calidade é unha cuestión que depende directamente do Centro, remitimos para este apartado ao contido do criterio 3 que se desenvolveu no grao de Linguas Estranxeiras.</p>	
<p>Puntos febles detectados:</p> <ul style="list-style-type: none"> • 	<p>Accións de mellora a implantar:</p> <ul style="list-style-type: none"> •
<p>Evidencias nas que se baseou a valoración:</p> <p>E5: Actas das reunións celebradas, da Comisión Académica /Comisión de Titulación/<u>Comisión de Garantía de Calidade</u></p> <p>E10: Documentación do SGC (Política, obxectivos de calidade, manual e procedementos)</p> <p>E11: Evidencias da implantación dos procedementos do SGC (procedementos completos, revisados e actualizados que desenvolven as directrices do SGC: Política de calidade, deseño, revisión periódica e mellora dos programas formativos, garantía da aprendizaxe, ensinanza, avaliación centrados no estudante, garantía e mellora da calidade dos recursos humanos, garantía e mellora da calidade dos recursos materiais e servizos e información pública)</p> <p>E12: Plans de mellora derivados da implantación do SGC</p> <p>EA4: Informe de certificación da implantación do SGC (no seu caso)</p>	
<p>Indicadores nos que se baseou a valoración:</p> <p>I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre a xestión da calidade</p> <p>I5: Resultados dos indicadores asociados aos obxectivos de calidade do centro</p>	

CRITERIO 4. RECURSOS HUMANOS

<p>Estándar: O persoal académico e de apoio é suficiente e axeitado de acordo coas características do título e o número de estudantes.</p> <p>Analizar e valorar a adecuación do persoal académico e de apoio que participa no título obxecto de avaliación.</p>
<p>Reflexión/comentarios que xustifiquen a valoración:</p> <p>De acordo co establecido no seu momento na memoria do título, todo o profesorado que participa no mestrado é especialista de prestixio no ámbito da tradución multimedia. Trala xubilación dun profesor propio da UVigo e o desestímulo dunha profesora externa, o cadro de persoal redúcese a 14 docentes, dos que 7 pertencen á UVigo e 7 son externos. Os primeiros son todos doutores, distribuídos nas seguintes categorías: 6 titulares de universidade e 1 contratada doutora. Os resultados de investigación de carácter académico experimentaron un incremento dende a creación do programa, situándose no ano 2022 en 14, aos que hai que engadir dous sexenios de transferencia, especialmente importantes dada a conexión do máster coa práctica profesional. Ademais, 4 dos docentes internos participaron en programas de formación. Dos 8 profesores externos, hai 2 doutores, 5 licenciados en Tradución e Interpretación e 1 diplomado en dirección de cinematografía, todos eles profesionais de prestixio dentro dalgún dos ámbitos da cinematografía e da tradución multimedia: localización de videoxogos, de páxinas web, de subtítulos, de voces superpostas, de dobraxe, de cine, que aportan a experiencia e visión da profesión nun mestrado con orientación profesionalizante. A pesar de que se fixeron algúns cambios na distribución de PDI do programa, o cadro de profesorado actual segue a</p>

ser estable e non se produciron diminucións na experiencia docente nin profesional do profesorado no seu conxunto.

A seguinte táboa recolle os resultados de DOCENTIA do PDI do Mestrado para os cursos 2015-16, 2016-17 e 2017-18:

Prof	2015-16	2016-17	2017-18
Ana María Pereira	82,60	83	85,50
Javier de Agustín	82,60	83	85,50
Joan Miquel Vergés	90,30	81,70	90,10
Lourdes Lorenzo García	83	82,80	86,10
María Teresa Veiga Díaz	72,20	75	81,80
Pablo Romero Fresco	N/A	N/A	N/A
Marta García González	82,90	80,80	84,70

Cun resultado global de 4,61 na enquisa bianual de 2022-23, o grao de satisfacción do profesorado mantívose estable respecto a enquisa de 2020-21, na que se situaba en 4,72. A cifra aumenta ao 4,83 no apartado relativo á planificación e desenvolvemento do ensino. Nas enquisas de avaliación docente, o grao de satisfacción do estudantado coa actividade docente do profesorado durante o curso 2022-23 foi de 4,09, producíndose unha mellora respecto dos valores acadados nos dous cursos anteriores, que se situaban en 3,81 e 3,88 respectivamente.

Por outra banda, o título conta con persoal de apoio con cualificación axeitada (administrativos na FFT e na vicerreitoría de posgrao); no relativo ó persoal de apoio da FFT, o 67,16 % acudiu a accións formativas, o que representa un incremento considerábel con respecto a cursos anteriores (43,432 % en 2020-21 e 21,43 % en 2021-2022. Non se dispón de datos sobre o seu grao de satisfacción, que no 2019 era do 4,67 %. Aínda que situación mellorou dende a implantación do programa, dende a perspectiva da coordinación e secretaría do mestrado, fai falta máis forza de traballo nos labores administrativos, posto que en moitas ocasións a carga de traballo provoca retrasos na execución das tarefas necesarias para que o mestrado se desenvolva correctamente.

Puntos febles detectados:

- Retrasos nalgúns trámites necesarios para o correcto desenvolvemento do máster por carga excesiva de traballo do persoal de administración en momentos concretos.

Accións de mellora a implantar:

- Avaliar máis profundamente as necesidades do persoal administrativo para asegurar que non se producen retrasos nin desaxustes.

Evidencias nas que se baseou valoración:

E15: Plan de ordenación docente do título: Información sobre o profesorado (número, experiencia docente e investigadora, categoría, materias que imparte, área, etc.). No caso de profesionais externos, solicitarase un currículo breve

E16: Información sobre o persoal de apoio (número, experiencia profesional, categoría, etc.)

R2-PE02 P1: Informe para os responsables académicos (DOCENTIA)

Indicadores nos que se baseou a valoración:

I4: Resultados das enquisas de satisfacción a todos os grupos de interese sobre aspectos relacionados co persoal docente e o PAS e fundamentalmente resultados da enquisa de satisfacción do PAS e PDI

I6/I017(2)-PE: Porcentaxe de participación do profesorado da titulación en plans de formación da Universidade e en actividades formativas específicas

I7/I017-PE: Porcentaxe de participación do persoal de apoio do centro en plans de formación da universidade e en actividades formativas específicas.

I8: Resultados das enquisas de avaliación da docencia e a súa evolución

I9: Porcentaxe de profesorado avaliado polo programa DOCENTIA ou similares e resultados obtidos

I10: Evolución dos indicadores de mobilidade (número, porcentaxe de profesores/as que participan

en programas de mobilidade sobre o total do profesorado do título)
 I15: Media de alumnos por grupo de docencia (docencia expositiva, interactiva,...)
 I02-PE: Cualificación do PDI
 I03-PE: Resultados de investigación de carácter académico(Sexenio)
 I03(2)-PE: Profesorado por categoría

CRITERIO 5. RECURSOS MATERIAIS E SERVIZOS

Estándar: Os recursos materiais e servizos postos a disposición do desenvolvemento do título son os axeitados en función da natureza, modalidade do título, número de estudantes matriculados/as e competencias a adquirir polos/as mesmos/as.

Analizar e valorar se os recursos materiais e servizos postos a disposición do estudantado son os axeitados ás necesidades do título.

RECURSOS PARA O DESENVOLVEMENTO DA DOCENCIA DO MTM:

Para un mestrado semipresencial como é o MTM, a Universidade de Vigo posúe instalacións axeitadas e recursos convenientes para desenvolver a docencia, que se poden resumir así:

- Fondos da biblioteca da FFT: <http://sp.bugalicia.org/vig/gl/subjects/databases.php?tipo=todos>
- Blog da biblioteca da FFT: <http://blogdabiblio.es/>
- Varios taboleiros no Pinterest de Bibliotecas da Universidade: <http://www.pinterest.com/CenUVIGO/boards/>
- Plataformas de teledocencia Moovi: recursos imprescindibles que se utilizan para a docencia en todas as materias do mestrado.
- Laboratorios informáticos, aulas de audiovisual e aulas de gravación: todas as sesións presenciais son gravadas e postas á disposición do alumnado). Desde o curso 22/23 contamos cun novo laboratorio de audiovisual na que os nosos estudantes poden facer prácticas de dobraxe, audiodescrición, podcasts... que reproduce as condicións reais dunha empresa de dobraxe e sonorización.
- Pílulas docentes (vídeos dunha duración de 5 a 10 minutos nas que se mesturan dúas imaxes, unha dun locutor e outra tomada dunhas transparencias ou a imaxe da pantalla dun computador. En cada un destes vídeos, o locutor fai unha explicación dun concepto en concreto); un exemplo son as da materia de “Dobrxaxe para a tradución” (<http://tv.uvigo.es/es/serial/903.html>).
- Parque móbil (ou aluguer de autobús externo): dentro do MTM prográmase en tódalas edicións unha visita do alumnado a unha empresa de tradución audiovisual (Iyuno Iberia, en Santiago de Compostela; Babalúvox, na Coruña; Cinema Iberolusa, en Vigo). Cando esta viaxe de estudos se fai a fóra de Vigo solicítase a Parque Móbil un autocar; de non estar dispoñible págase con fondos do propio mestrado.

ACCÍONS DE ACOLLIDA E ORIENTACIÓN DO ALUMNADO:

O MTM desenvolveu as seguintes accións de acollida ao alumnado e de orientación académica:

- A xornada de inauguración, na que se presenta o mestrado (módulos e materias): cada Coordinador/ora de materia explica polo miúdo a forma na que se desenvolverá (cronograma, contidos, métodos didácticos, formas de avaliación). Esta xornada remata cunha conferencia impartida por profesionais/académicos do ámbito da tradución multimedia. No curso 2022/23 a conferencia inaugural (23 de setembro; Salón de actos da FFT) correu a cargo de Fidel Manrique (xestor de proxectos de accesibilidade en MQD, Burgos) titulada «Accesibilidad Audiovisual: una manera de comunicarse».
- As sesións de orientación académica sobre destinos de prácticas (empresas, institucións e tradutores/as autónomos/as) e sobre TFM.

- Espazo virtual da coordinación do mestrado, paneis informativos no pavillón central, páxina web do centro (<http://fft.uvigo.es/es/estudios/estudios-de-master>) e do mestrado (<https://multitrad.webs.uvigo.es>).

